PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 361
13 de abril de 2026

Fascículo 2

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.4. Preguntas

### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

**54345 (12/POC-008703)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Grueira Fernández, Nicole e 10 máis**
Sobre os investimentos previstos pola Xunta de Galicia para o Campus Terra de Lugo e o balance dos realizados ata o momento 203447

**54347 (12/POC-008704)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Grueira Fernández, Nicole e 8 máis**
Sobre as axudas solicitadas á Xunta de Galicia por parte do Concello de Pol para a mellora ou ampliación do punto de atención á infancia do dito concello 203451

**54357 (12/POC-008705)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis**
Sobre a valoración que realiza o Goberno galego verbo do proceso de actualización do nomenclátor de Galicia 203456

**54359 (12/POC-008706)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis**
Sobre o impacto territorial, demográfico, económico e para a seguridade viaria que producirán na Baixa Limia as obras de mellora previstas na estrada OU-540 entre Celanova e Bande 203459

**54360 (12/POC-008707)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis**
Sobre a construción en Curtis do novo centro autonómico para a xestión do abandono animal 203463

**54362 (12/POC-008708)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis**
Sobre o apoio financeiro da Xunta de Galicia aos concellos de menor poboación e o convenio asinado co Concello de Celanova para as obras de urbanización da rúa Castor Elices 203466

**54367 (12/POC-008709)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Baladrón Lamas, Victor Manuel e 8 máis**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o estado en que se atopan as actuacións de conservación na torre de Vilaza, en Monterrei, e a valoración do impacto das políticas da Xunta de Galicia na protección do patrimonio cultural no rural 203470

**54369 (12/POC-008710)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis**
Sobre as actuacións do Ministerio de Transportes e ADIF en relación coas frecuencias horarias do servizo ferroviario na Gudiña-Porta de Galicia 203473

**54373 (12/POC-008711)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis**
Sobre a valoración do funcionamento da plataforma web pública Fitovit, dirixida ao sector vitícola 203477

**54375 (12/POC-008712)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis**
Sobre o papel da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega) no desenvolvemento do sector vitivinícola galego 203481

**54378 (12/POC-008713)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Casares Gándara, Juan Manuel e 11 máis**
Sobre o impacto económico e social previsto dos proxectos de promoción de vivenda pública impulsados pola Xunta de Galicia en Ourense 203486

**54381 (12/POC-008714)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Chao Rivas, Saleta e Taibo Corsanego, Iria**
Sobre a promoción de Galicia como destino turístico realizada polo Goberno galego no contexto marcado pola crise bélica en Irán 203490

**54388 (12/POC-008715)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Taibo Corsanego, Iria e 3 máis**
Sobre o nivel de presenza da lingua galega no sector dos seguros e as previsións do Goberno galego respecto do seu fomento neste ámbito 203494

**54391 (12/POC-008716)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Amigo Díaz, María Encarnación e 9 máis**
Sobre os investimentos concretos realizados na Reserva Nacional de Caza dos Ancares pola Xunta de Galicia nos últimos anos e as actuacións que ten previsto levar a cabo a curto e a medio prazo 203499

**54396 (12/POC-008717)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á dotación do CEIP Ponzos, de Ferrol, dun orientador ou orientadora a tempo completo no vindeiro curso escolar 203503

**54398 (12/POC-008718)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación coa construción do novo centro de saúde de Noia 203507

**54401 (12/POC-008719)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a actual dotación do CEIP Ponzos, de Ferrol, de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe 203511

**54405 (12/POC-008720)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao incremento da dotación do profesorado requirido para o apoio á diversidade no CEIP Ponzos, de Ferrol 203515

**54408 (12/POC-008721)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a avaliación realizada pola Consellería de Educación respecto das necesidades reais de atención á diversidade no CEIP Ponzos, de Ferrol 203519

**54410 (12/POC-008722)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación coa construción do novo centro de saúde de Ponteareas 203524

**54412 (12/POC-008723)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**
Sobre os resultados da enquisa Estudes no que atinxe á situación do consumo de drogas en Galicia 203528

**54414 (12/POC-008724)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**
Sobre o investimento realizado pola Consellería de Sanidade na adquisición de equipamento para atención primaria 203532

**54416 (12/POC-008725)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**
Sobre o impacto previsto da participación da sanidade pública galega no proxecto europeo Reheal, relativo á economía circular no ámbito sanitario 203536

**54425 (12/POC-008726)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**
Sobre o nivel de execución por parte da Xunta de Galicia dos fondos habilitados para 2026 na orde de silvicultura e a xestión das convocatorias de axudas para prevención de incendios forestais 203540

**54428 (12/POC-008727)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina**
Sobre o nivel da oferta formativa no concello de Oleiros no ámbito da Formación Profesional e da educación para persoas adultas e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto 203546

**54437 (12/POC-008728)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación das infraestruturas do CEIP A Solaina, de Narón 203550

**54440 (12/POC-008729)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para acometer a rehabilitación dos aseos e das demais instalacións do CEIP A Solaina, de Narón 203554

**54443 (12/POC-008730)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre os estándares de calidade e salubridade das instalacións do CEIP A Solaina, de Narón 203558

**54446 (12/POC-008731)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**
Sobre os investimentos realizados pola Xunta de Galicia no CEIP A Solaina, de Narón, nos últimos dez anos 203562

**54447 (12/POC-008732)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre os investimentos realizados pola Xunta de Galicia no CEIP A Solaina, de Narón, nos últimos dez anos 203566

**54450 (12/POC-008733)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da eventual inclusión dunha partida específica nos seus orzamentos destinada á rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón 203570

**54451 (12/POC-008734)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da eventual inclusión dunha partida específica nos seus orzamentos destinada á rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón 203574

**54477 (12/POC-008735)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**
Sobre a situación socioeconómica das confrarías de pescadores e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego, así como as que ten previstas, para contribuír ao seu sostemento e fortalecemento 203578

**54484 (12/POC-008736)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis**
Sobre o impacto da ampliación e modernización das instalacións destinadas á Formación Profesional no IES de Curtis 203583

**54486 (12/POC-008737)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pérez López, Noelia e 8 máis**
Sobre a situación en que está o proxecto do Centro Integral de Saúde de Ourense e as previsións da Xunta de Galicia para garantir a súa execución con todas as garantías xurídicas 203587

**54488 (12/POC-008738)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**
Sobre a postura do Goberno galego respecto da planta de residuos de Servia, en Lousame, e as súas previsións no que concirne ao futuro desas instalacións e dos seus postos de traballo 203591

**54492 (12/POC-008739)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis**
Sobre a situación actual dos proxectos da Xunta de Galicia en materia de vivenda pública nos concellos de Ames, Teo e Santiago de Compostela 203596

**54497 (12/POC-008740)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre o grao de aplicación ao profesorado galego da normativa referida á redución da xornada laboral por coidado de fillos ou fillas con enfermidades graves 203601

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**54500 (12/POC-008741)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre o número de solicitudes de redución de xornada laboral realizadas nos últimos cinco anos polo profesorado con fillos ou fillas que padecen enfermidades graves e os criterios empregados pola Xunta de Galicia para a súa resolución 203605

**54503 (12/POC-008742)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir, axilizar e facer efectivos os dereitos de conciliación do profesorado con fillos ou fillas que padecen enfermidades graves 203609

**54505 (12/POC-008743)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 10 máis**
Sobre as características, o investimento e o impacto agardado do proxecto de construción do novo centro de saúde que se situará entre os barrios de Xuxán e Monte Mero, na Coruña 203613

**54507 (12/POC-008744)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 10 máis**
Sobre o balance respecto do desenvolvemento das infraestruturas sanitarias de atención primaria na cidade da Coruña nos últimos anos e do papel do Concello nos devanditos proxectos 203617

**54509 (12/POC-008745)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**
Sobre o obxecto, as accións previstas e os orzamentos do convenio da Consellería do Mar co Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo-CSIC para estudar as poboacións de zamburiña na ría de Ferrol 203621

**54517 (12/POC-008746)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre o grao de cumprimento por parte do programa E-Dixgal das recomendacións da comunidade científica e pediátrica en relación co uso das pantallas en idade escolar 203625

**54521 (12/POC-008747)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**
Sobre as liñas de traballo postas en marcha pola Xunta de Galicia no eido da formación marítimo-pesqueira para garantir a remuda xeracional neste sector 203631

**54522 (12/POC-008748)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre os criterios pedagóxicos usados pola Xunta de Galicia para determinar o tempo de exposición do alumnado ás pantallas no programa E-Dixgal 203635

**54526 (12/POC-008749)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a incidencia da introdución do programa E-Dixgal nas desigualdades educativas derivadas do contexto sociofamiliar 203641

**54531 (12/POC-008750)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne ao deseño da estratexia pedagóxica para introducir as tecnoloxías dixitais nas aulas 203648

**54534 (12/POC-008751)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**
Sobre o proxecto para a renovación dos pavimentos de madeira nos peiraos dos portos xestionados por Portos de Galicia, o seu investimento e os beneficios agardados destas actuacións 203655

**54536 (12/POC-008752)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións do Goberno galego relativas á garantía de acceso de todas as familias aos recursos dixitais no ámbito educativo 203658

**54541 (12/POC-008753)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre os informes propios dos que dispón a Xunta de Galicia en relación co impacto do programa E-Dixgal na atención, concentración e comprensión lectora do alumnado 203665

**54547 (12/POC-008754)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 9 máis**
Sobre o impacto previsto da posta en marcha da primeira planta de cría de salmón na modernización do sector acuícola de Galicia 203672

**54548 (12/POC-008755)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 5 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto a cambios no seu modelo de xestión do marisqueo e os resultados da súa reunión coa Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco 203676

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**54552 (12/POC-008756)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**
Sobre o plan de actuación para identificar o nivel do impacto dos últimos temporais nos bancos marisqueiros e as medidas previstas para a súa recuperación 203681

**54555 (12/POC-008757)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Santos Costa, Manuel e 9 máis**
Sobre os obxectivos das obras de reforma do centro de maiores de Marín 203685

**54564 (12/POC-008758)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández González, Ariadna e Castro García, Daniel**
Sobre a situación e o número dos menores migrantes non acompañados chegados a Galicia desde 2025 e o número de prazas creadas e xestionadas pola Xunta no seu sistema de protección residencial 203688

**54578 (12/POC-008759)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**
Sobre as limitacións que presenta o actual sistema de acceso aos datos relativos á demanda de vivenda protexida 203694

**54582 (12/POC-008760)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á publicación dos datos históricos completos do rexistro de demandantes de vivenda en Galicia 203698

**54586 (12/POC-008761)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**
Sobre o nivel de información que ofrece a web actual do rexistro de demandantes de vivenda protexida 203702

**54590 (12/POC-008762)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**
Sobre as previsións do Goberno galego en canto á presentación no Parlamento de Galicia dun informe respecto da evolución histórica da demanda de vivenda protexida e á mellora da transparencia neste ámbito 203706

**54595 (12/POC-008763)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a precariedade das instalacións do Club de Remo Olímpico do Mandeo, en Bergondo, e os compromisos que prevé asumir a Xunta de Galicia co obxectivo de construír neste concello novas infraestruturas para esta práctica deportiva 203710

**54599 (12/POC-008764)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre o nivel de sinistralidade rexistrado no chamado «Cruce do París», en Oza Cesuras, e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a seguridade viaria neste punto 203714

**54609 (12/POC-008765)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da convocatoria de folga indefinida no Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento de Ourense e as medidas e xestións que prevé pór en marcha ao respecto 203718

**54612 (12/POC-008766)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**García Comesaña, Julio e 9 máis**
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para lle demandar ao Goberno central medidas de impulso das infraestruturas e do papel do Centro Oceanográfico de Vigo 203723

**54620 (12/POC-008767)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor**
Sobre os motivos do atraso das obras que se levan a cabo no CIPF Imaxe e Son, da Coruña 203727

**54632 (12/POC-008768)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**González Iglesias, Carmela e 2 máis**
Sobre a situación do Centro de Saúde de Redondela no que atinxe á cobertura de vacantes, permisos e baixas do persoal médico e á garantía dunha asistencia sanitaria axeitada 203731

**54637 (12/POC-008769)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**González Iglesias, Carmela e 3 máis**
Sobre as actuais condicións de illamento e o nivel de eficiencia enerxética das instalacións do Centro de Maiores Atalaia, de Vigo, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto 203736

**54642 (12/POC-008770)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat**
Sobre os problemas de accesibilidade ao Centro de Saúde Figueiras, de Coirós, ao carecer de cu

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berta que protexa das inclemencias meteorolóxicas e as previsións que ten a Xunta de Galicia ao respecto 203741

**54648 (12/POC-008771)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis**
Sobre o papel das agrupacións forestais de xestión conxunta e das persoas silvicultoras activas no desenvolvemento do sector forestal de Galicia 203745

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 54345 (12/POC-008703)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 10 máis
Sobre os investimentos previstos pola Xunta de Galicia para o Campus Terra de Lugo e o balance dos realizados ata o momento
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54347 (12/POC-008704)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 8 máis
Sobre as axudas solicitadas á Xunta de Galicia por parte do Concello de Pol para a mellora ou ampliación do punto de atención á infancia do dito concello
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54357 (12/POC-008705)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis
Sobre a valoración que realiza o Goberno galego verbo do proceso de actualización do nomenclátor de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54359 (12/POC-008706)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis
Sobre o impacto territorial, demográfico, económico e para a seguridade viaria que producirán na Baixa Limia as obras de mellora previstas na estrada OU-540 entre Celanova e Bande
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54360 (12/POC-008707)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre a construción en Curtis do novo centro autonómico para a xestión do abandono animal
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54362 (12/POC-008708)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis
Sobre o apoio financeiro da Xunta de Galicia aos concellos de menor poboación e o convenio asinado co Concello de Celanova para as obras de urbanización da rúa Castor Elices
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54367 (12/POC-008709)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baladrón Lamas, Victor Manuel e 8 máis
Sobre o estado en que se atopan as actuacións de conservación na torre de Vilaza, en Monterrei, e a valoración do impacto das políticas da Xunta de Galicia na protección do patrimonio cultural no rural
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54369 (12/POC-008710)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis
Sobre as actuacións do Ministerio de Transportes e ADIF en relación coas frecuencias horarias do servizo ferroviario na Gudiña-Porta de Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54373 (12/POC-008711)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre a valoración do funcionamento da plataforma web pública Fitovit, dirixida ao sector vitícola
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54375 (12/POC-008712)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre o papel da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega) no desenvolvemento do sector vitivinícola galego
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54378 (12/POC-008713)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 11 máis
Sobre o impacto económico e social previsto dos proxectos de promoción de vivenda pública impulsados pola Xunta de Galicia en Ourense
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54381 (12/POC-008714)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Chao Rivas, Saleta e Taibo Corsanego, Iria
Sobre a promoción de Galicia como destino turístico realizada polo Goberno galego no contexto marcado pola crise bélica en Irán
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 54388 (12/POC-008715)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 3 máis
Sobre o nivel de presenza da lingua galega no sector dos seguros e as previsións do Goberno galego respecto do seu fomento neste ámbito
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54391 (12/POC-008716)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 9 máis
Sobre os investimentos concretos realizados na Reserva Nacional de Caza dos Ancares pola Xunta de Galicia nos últimos anos e as actuacións que ten previsto levar a cabo a curto e a medio prazo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54396 (12/POC-008717)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á dotación do CEIP Ponzos, de Ferrol, dun orientador ou orientadora a tempo completo no vindeiro curso escolar
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54398 (12/POC-008718)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación coa construción do novo centro de saúde de Noia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54401 (12/POC-008719)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a actual dotación do CEIP Ponzos, de Ferrol, de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54405 (12/POC-008720)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao incremento da dotación do profesorado requirido para o apoio á diversidade no CEIP Ponzos, de Ferrol
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54408 (12/POC-008721)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a avaliación realizada pola Consellería de Educación respecto das necesidades reais de atención á diversidade no CEIP Ponzos, de Ferrol
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54410 (12/POC-008722)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación coa construción do novo centro de saúde de Ponteareas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54412 (12/POC-008723)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre os resultados da enquisa Estudes no que atinxe á situación do consumo de drogas en Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54414 (12/POC-008724)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o investimento realizado pola Consellería de Sanidade na adquisición de equipamento para atención primaria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54416 (12/POC-008725)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o impacto previsto da participación da sanidade pública galega no proxecto europeo Reheal, relativo á economía circular no ámbito sanitario
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54425 (12/POC-008726)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o nivel de execución por parte da Xunta de Galicia dos fondos habilitados para 2026 na orde de silvicultura e a xestión das convocatorias de axudas para prevención de incendios forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54428 (12/POC-008727)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina
Sobre o nivel da oferta formativa no concello de Oleiros no ámbito da Formación Profesional e da educación para persoas adultas e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54437 (12/POC-008728)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación das infraestruturas do CEIP A Solaina, de Narón
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54440 (12/POC-008729)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para acometer a rehabilitación dos aseos e das demais instalacións do CEIP A Solaina, de Narón
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54443 (12/POC-008730)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os estándares de calidade e salubridade das instalacións do CEIP A Solaina, de Narón
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54446 (12/POC-008731)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre os investimentos realizados pola Xunta de Galicia no CEIP A Solaina, de Narón, nos últimos dez anos
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54447 (12/POC-008732)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os investimentos realizados pola Xunta de Galicia no CEIP A Solaina, de Narón, nos últimos dez anos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54450 (12/POC-008733)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da eventual inclusión dunha partida específica nos seus orzamentos destinada á rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54451 (12/POC-008734)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da eventual inclusión dunha partida específica nos seus orzamentos destinada á rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 54477 (12/POC-008735)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre a situación socioeconómica das confrarías de pescadores e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego, así como as que ten previstas, para contribuír ao seu sostemento e fortalecemento
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54484 (12/POC-008736)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre o impacto da ampliación e modernización das instalacións destinadas á Formación Profesional no IES de Curtis
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54486 (12/POC-008737)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a situación en que está o proxecto do Centro Integral de Saúde de Ourense e as previsións da Xunta de Galicia para garantir a súa execución con todas as garantías xurídicas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54488 (12/POC-008738)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego respecto da planta de residuos de Servia, en Lousame, e as súas previsións no que concirne ao futuro desas instalacións e dos seus postos de traballo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54492 (12/POC-008739)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre a situación actual dos proxectos da Xunta de Galicia en materia de vivenda pública nos concellos de Ames, Teo e Santiago de Compostela
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54497 (12/POC-008740)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o grao de aplicación ao profesorado galego da normativa referida á redución da xornada laboral por coidado de fillos ou fillas con enfermidades graves
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54500 (12/POC-008741)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o número de solicitudes de redución de xornada laboral realizadas nos últimos cinco anos polo profesorado con fillos ou fillas que padecen enfermidades graves e os criterios empregados pola Xunta de Galicia para a súa resolución
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54503 (12/POC-008742)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir, axilizar e facer efectivos os dereitos de conciliación do profesorado con fillos ou fillas que padecen enfermidades graves
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54505 (12/POC-008743)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 10 máis
Sobre as características, o investimento e o impacto agardado do proxecto de construción do novo centro de saúde que se situará entre os barrios de Xuxán e Monte Mero, na Coruña
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54507 (12/POC-008744)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 10 máis
Sobre o balance respecto do desenvolvemento das infraestruturas sanitarias de atención primaria na cidade da Coruña nos últimos anos e do papel do Concello nos devanditos proxectos
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54509 (12/POC-008745)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis
Sobre o obxecto, as accións previstas e os orzamentos do convenio da Consellería do Mar co Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo-CSIC para estudar as poboacións de zamburiña na ría de Ferrol
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54517 (12/POC-008746)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o grao de cumprimento por parte do programa E-Dixgal das recomendacións da comunidade científica e pediátrica en relación co uso das pantallas en idade escolar
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54521 (12/POC-008747)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis
Sobre as liñas de traballo postas en marcha pola Xunta de Galicia no eido da formación marítimo-pesqueira para garantir a remuda xeracional neste sector
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 54522 (12/POC-008748)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os criterios pedagóxicos usados pola Xunta de Galicia para determinar o tempo de exposición do alumnado ás pantallas no programa E-Dixgal
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54526 (12/POC-008749)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a incidencia da introdución do programa E-Dixgal nas desigualdades educativas derivadas do contexto sociofamiliar
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54531 (12/POC-008750)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne ao deseño da estratexia pedagóxica para introducir as tecnoloxías dixitais nas aulas
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54534 (12/POC-008751)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis
Sobre o proxecto para a renovación dos pavimentos de madeira nos peiraos dos portos xestionados por Portos de Galicia, o seu investimento e os beneficios agardados destas actuacións
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54536 (12/POC-008752)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego relativas á garantía de acceso de todas as familias aos recursos dixitais no ámbito educativo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54541 (12/POC-008753)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os informes propios dos que dispón a Xunta de Galicia en relación co impacto do programa E-Dixgal na atención, concentración e comprensión lectora do alumnado
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54547 (12/POC-008754)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 9 máis

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o impacto previsto da posta en marcha da primeira planta de cría de salmón na modernización do sector acuícola de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54548 (12/POC-008755)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 5 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto a cambios no seu modelo de xestión do marisqueo e os resultados da súa reunión coa Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54552 (12/POC-008756)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis
Sobre o plan de actuación para identificar o nivel do impacto dos últimos temporais nos bancos marisqueiros e as medidas previstas para a súa recuperación
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54555 (12/POC-008757)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santos Costa, Manuel e 9 máis
Sobre os obxectivos das obras de reforma do centro de maiores de Marín
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54564 (12/POC-008758)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Castro García, Daniel
Sobre a situación e o número dos menores migrantes non acompañados chegados a Galicia desde 2025 e o número de prazas creadas e xestionadas pola Xunta no seu sistema de protección residencial
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54578 (12/POC-008759)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre as limitacións que presenta o actual sistema de acceso aos datos relativos á demanda de vivenda protexida
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54582 (12/POC-008760)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á publicación dos datos históricos completos do rexistro de demandantes de vivenda en Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 54586 (12/POC-008761)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre o nivel de información que ofrece a web actual do rexistro de demandantes de vivenda protexida
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54590 (12/POC-008762)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre as previsións do Goberno galego en canto á presentación no Parlamento de Galicia dun informe respecto da evolución histórica da demanda de vivenda protexida e á mellora da transparencia neste ámbito
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54595 (12/POC-008763)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a precariedade das instalacións do Club de Remo Olímpico do Mandeo, en Bergondo, e os compromisos que prevé asumir a Xunta de Galicia co obxectivo de construír neste concello novas infraestruturas para esta práctica deportiva
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54599 (12/POC-008764)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o nivel de sinistralidade rexistrado no chamado «Cruce do París», en Oza Cesuras, e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a seguridade viaria neste punto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54609 (12/POC-008765)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da convocatoria de folga indefinida no Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento de Ourense e as medidas e xestións que prevé pór en marcha ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54612 (12/POC-008766)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Comesaña, Julio e 9 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para lle demandar ao Goberno central medidas de impulso das infraestruturas e do papel do Centro Oceanográfico de Vigo
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54620 (12/POC-008767)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor
Sobre os motivos do atraso das obras que se levan a cabo no CIPF Imaxe e Son, da Coruña
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54632 (12/POC-008768)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 2 máis
Sobre a situación do Centro de Saúde de Redondela no que atinxe á cobertura de vacantes, permisos e baixas do persoal médico e á garantía dunha asistencia sanitaria axeitada
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54637 (12/POC-008769)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 3 máis
Sobre as actuais condicións de illamento e o nivel de eficiencia enerxética das instalacións do Centro de Maiores Atalaia, de Vigo, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54642 (12/POC-008770)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat
Sobre os problemas de accesibilidade ao Centro de Saúde Figueiras, de Coirós, ao carecer de cuberta que protexa das inclemencias meteorolóxicas e as previsións que ten a Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54648 (12/POC-008771)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre o papel das agrupacións forestais de xestión conxunta e das persoas silvicultoras activas no desenvolvemento do sector forestal de Galicia
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:16:34
Nº Rexistro: 54345
Data envío: 01/04/2026 11:16:34.909

PARLAMENTO DE GALICIA

Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 01/04/2
11:14
Por Patricia García G

**Á Mesa do Parlamento**

**Nicole Grueira Fernández, Elena Candia López, Patricia García González, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera** e **Raúl Santamaría González,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A formación universitaria é un elemento fundamental para o desenvolvemento social, económico e científico de Galicia. Neste sentido, os campus universitarios desempeñan un papel clave na formación da xuventude, na investigación e na transferencia de coñecemento cara ao tecido laboral.

O Campus Terra, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, constitúe un centro de referencia na especialización en ámbitos como o sector agroalimentario, forestal e veterinario, estratéxicos para o desenvolvemento da provincia de Lugo e do conxunto de Galicia.

Nos últimos tempos, a Xunta de Galicia realizou diferentes investimentos destinados á especialización e ao impulso deste campus universitario. Con todo, resulta necesario coñecer con maior detalle o alcance real destes investimentos, así como os proxectos concretos aos que se destinarán e a súa planificación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que investimentos ten previstos realizar a Xunta de Galicia no Campus Terra de Lugo?

2.- Que valoración fai o Goberno galego dos investimentos realizados ata o momento no Campus Terra?

Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 01/04/2026 ás
11:14
Por Elena Candia López
Asinado o día 01/04/2026 ás
11:14
Por Nicole Grueira Fernández

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:16:34
Nº Rexistro: 54345
Data envio: 01/04/2026 11:16:34.909

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:16:34
Nº Rexistro: 54345
Data envio: 01/04/2026 11:16:34.909

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 11:14:18
Elena Candia López na data 01/04/2026 11:14:30
Patricia García González na data 01/04/2026 11:14:42
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 11:14:53
Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 11:15:04
José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 11:15:20
Julio García Comesaña na data 01/04/2026 11:15:29
Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2026 11:15:43
Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 11:15:56
María Felisa Rodriguez Carrera na data 01/04/2026 11:16:07
Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 11:16:20

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:16:34
Nº Rexistro: 54345
Data envio: 01/04/2026 11:16:34.909

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 11:16:35**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:22:20
Nº Rexistro: 54347
Data envio: 01/04/2026 11:22:20.648



Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2
Por María Encarnació
Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Nicole Grueira Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta de Galicia vén desenvolvendo nos últimos anos unha política activa de apoio aos concellos para o impulso e mellora dos servizos de atención á infancia, mediante a convocatoria periódica de liñas de axuda destinadas á creación, ampliación, modernización e equipamento de infraestruturas como os Puntos de Atención á Infancia (PAI) e as escolas infantís de 0 a 3 anos.

Estas axudas teñen como finalidade incrementar a oferta de prazas públicas, mellorar a calidade dos servizos existentes e garantir unha atención axeitada aos nenos e nenas, contribuíndo ao mesmo tempo á conciliación da vida familiar e laboral e á fixación de poboación no rural.

O Punto de Atención á Infancia de Pol constitúe un recurso esencial para as familias do municipio, ofrecendo atención a nenos e nenas de entre 3 meses e 3 anos. Na actualidade, este servizo atende a 15 menores e conta con lista de agarda, o que evidencia claramente a súa elevada demanda e a necesidade de reforzo.

Trátase dun servizo de titularidade municipal, polo que corresponde ao Concello garantir o seu correcto funcionamento, así como a dotación dos medios materiais e humanos necesarios para prestar un servizo de calidade.

Á vista das oportunidades de financiamento que a Xunta de Galicia pon a disposición das entidades locais para mellorar este tipo de servizos, resulta de especial interese coñecer se o Concello de Pol está a aproveitar estas liñas de axuda para dar resposta ás necesidades existentes.

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 01/04/2026 ás 11:20
Por Raquel Arias Rodríguez
Asinado o día 01/04/2026 ás 11:20
Por Nicole Grueira Fernández
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:22:20
Nº Rexistro: 54347
Data envio: 01/04/2026 11:22:20.648

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:22:20
Nº Rexistro: 54347
Data envio: 01/04/2026 11:22:20.648

PARLAMENTO DE GALICIA

Solicitou o Concello de Pol algunha axuda da Xunta de Galicia para a mellora ou ampliación do Punto de Atención á Infancia (PAI) de Pol?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:22:20
Nº Rexistro: 54347
Data envio: 01/04/2026 11:22:20.648

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 11:20:37

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2026 11:20:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 11:20:59

Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 11:21:09

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 11:21:18

Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 11:21:30

Noelia Pérez López na data 01/04/2026 11:21:45

Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 11:21:55

Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 11:22:05

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:22:20
**Nº Rexistro: 54347**
Data envio: 01/04/2026 11:22:20.648

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 11:22:21**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:56:09
Nº Rexistro: 54357
Data envio: 01/04/2026 11:56:09.503



Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 01/04/2
11:54
Por Julio García Com

**Á Mesa do Parlamento**

**Jose Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Os cambios propostos pola Real Academia Galega e a Xunta de Galicia para modificar 2.532 topónimos de concellos, parroquias e lugares chega despois dun intenso traballo de revisión e actualización do Nomenclator de Galicia, que databa do ano 2003.

Trátase dun estudo realizado polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e baseado en factores tales como a etimoloxía, documentación histórica, tradición gráfica, uso oral e escrito da veciñanza e no respecto pola forma dialectal de cada territorio.

O obxectivo desta modificación é salvagardar a identidade que nos define como pobo e difundir a relevancia de conservar a denominación dos lugares como parte fundamental dos galegos e galegas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego sobre o proceso de actualización do nomenclátor de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 01/04/2026 ás
11:54
Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 01/04/2026 ás
11:53
Por José Luis Ferro Iglesias

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:56:09
Nº Rexistro: 54357
Data envio: 01/04/2026 11:56:09.503

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 11:53:59
Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 11:54:11
Julio García Comesaña na data 01/04/2026 11:54:28
Patricia García González na data 01/04/2026 11:54:37
Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2026 11:54:50
Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 11:55:02
María Felisa Rodriguez Carrera na data 01/04/2026 11:55:14
Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 11:55:24
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 11:55:54

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:56:09
Nº Rexistro: 54357
Data envio: 01/04/2026 11:56:09.503

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 11:56:10**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:01:28
Nº Rexistro: 54359
Data envio: 01/04/2026 12:01:28.080



Por Moisés Rodríguez Pérez
Asinado o día 01/04/2 12:00 Por Dolores Hermelo
Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 01/04/2026 ás 11:59 Por Roberto Rodríguez Martínez
Asinado o día 01/04/2026 ás 11:59 Por José Luis Ferro Iglesias

**Á Mesa do Parlamento**

**José Luis Ferro Iglesias, Roberto Rodríguez Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández** e **Nazareth Cendán Gayoso,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A rede viaria autonómica constitúe un elemento esencial para garantir a cohesión territorial, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento socioeconómico do interior de Galicia. Neste contexto, a estrada OU-540 representa unha infraestrutura estratéxica ao vertebrar as comarcas de Terra de Celanova e da Baixa Limia, funcionando como principal eixo de comunicación coa cidade de Ourense e como vía de conexión internacional con Portugal.

Non obstante, trátase dunha vía que presenta limitacións derivadas do seu trazado, da súa capacidade e das condicións de seguridade viaria, especialmente nun tramo con intensidade de tráfico relevante —en torno a máis de 2.600 vehículos diarios— e cun papel determinante para a mobilidade cotiá da cidadanía e para a actividade económica do territorio.

Có obxectivo de dar resposta a estas necesidades, o Consello da Xunta autorizou un investimento de 6 millóns de euros para a execución das obras de mellora dun tramo de máis de 14 quilómetros entre Celanova e Bande, actuación que se enmarca nunha estratexia máis ampla orientada a reforzar a capacidade, funcionalidade e seguridade desta vía, con previsión de continuidade ata a Baixa Limia e a fronteira portuguesa.

As actuacións previstas inclúen o acondicionamento integral da estrada mediante a ampliación da plataforma, a mellora do firme, a execución de carrís adicionais de adiantamento en puntos estratéxicos, a rectificación de curvas e a mellora de interseccións. Así mesmo, incorpóranse elementos específicos de seguridade e

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mobilidade sostible, como a construción de sendas peonís en núcleos de poboación e a mellora da visibilidade mediante a limpeza das marxes.
Estas actuacións responden a unha clara aposta do Goberno galego pola vertebración do territorio, a dinamización do medio rural e a mellora da calidade de vida da cidadanía, contribuíndo a fixar poboación, favorecer a actividade económica e reforzar a seguridade viaria nun eixo clave da provincia de Ourense.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o impacto territorial, demográfico, económico e en materia de seguridade viaria na Baixa Limia das obras de mellora de 14 quilómetros da estrada OU-540 entre Celanova e Bande, nas que a Xunta investirá 6 millóns de euros, e en que van consistir?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:01:28
Nº Rexistro: 54359
Data envio: 01/04/2026 12:01:28.080

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 11:59:48
Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2026 11:59:59
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 12:00:08
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 12:00:19
Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 12:00:32
Moisés Rodríguez Pérez na data 01/04/2026 12:00:44
Gonzalo Trenor López na data 01/04/2026 12:00:53
Katherinie Varela Fernández na data 01/04/2026 12:01:04
María Nazaret Cendán Gayoso na data 01/04/2026 12:01:14

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:01:28
Nº Rexistro: 54359
Data envio: 01/04/2026 12:01:28.080

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:01:29**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:02:06
Nº Rexistro: 54360
Data envío: 01/04/2026 12:02:06.344

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen María Pomar Tojo, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

**Exposición de motivos**

En Galicia, a protección e o benestar dos animais de compañía convertéronse nunha prioridade crecente para as administracións públicas e as asociacións dedicadas ao seu coidado. Centros como Gatocan, en Coirós, levan anos desempeñando un papel esencial na atención de animais abandonados, xestionando adopcións e promovendo a responsabilidade entre os propietarios. É fundamental, nesta dirección, o traballo conxunto entre institucións e entidades sociais para combater o abandono e fomentar a adopción.

Neste contexto, a Xunta anunciou un paso significativo: a construción en 2026 do primeiro centro autonómico de acollida de animais abandonados, que se situará en Curtis e contará cun investimento de 2 millóns de euros. Este proxecto enmárcase nunha estratexia máis ampla que inclúe axudas económicas para a adopción —ata 150 euros para cans e 125 para gatos— e novas liñas de apoio destinadas tanto a concellos como a asociacións que xestionan animais abandonados ou colonias felinas. Con estas medidas, o Goberno autonómico busca reforzar a rede de protección animal e mellorar a capacidade de resposta ante o crecente número de casos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cómo se espera que a construción do novo centro autonómico en Curtis contribúa a mellorar a xestión do abandono animal e a complementar o traballo que xa realizan protectoras como Gatocan?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Asinado o día 01/04/2 11:54 Por Roberto Rodrígue
Asinado o día 01/04/2026 ás 11:54 Por Moisés Rodríguez Pérez
Asinado o día 01/04/2026 ás 11:53 Por Carmen Pomar Tojo
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Gayoso
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:02:06
Nº Rexistro: 54360
Data envio: 01/04/2026 12:02:06.344

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 11:53:29
Moisés Rodríguez Pérez na data 01/04/2026 11:54:11
Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2026 11:54:50
José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 11:56:00
María Nazaret Cendán Gayoso na data 01/04/2026 11:58:23
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 11:58:58
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 11:59:47
Gonzalo Trenor López na data 01/04/2026 12:00:23
Katherinie Varela Fernández na data 01/04/2026 12:01:02

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:02:06
Nº Rexistro: 54360
Data envio: 01/04/2026 12:02:06.344

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:02:07**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:06:23
Nº Rexistro: 54362
Data envío: 01/04/2026 12:06:23.192



Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 01/04/2 12:05 Por Roberto Rodrígue

**Á Mesa do Parlamento**

**José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández** e **Nazareth Cendán Gayoso,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A cooperación coa administración local constitúe un dos piares fundamentais da acción de goberno da Xunta de Galicia, especialmente no apoio aos concellos de menor dimensión, que afrontan maiores dificultades para acometer investimentos estruturais con recursos propios. Neste sentido, o Fondo de Cooperación impulsado polo Goberno galego configúrase como un instrumento financeiro eficaz que permite ás entidades locais acceder a financiamento en condicións vantaxosas, mediante préstamos sen xuros, para desenvolver actuacións estratéxicas en ámbitos como a vivenda, a rehabilitación, a rexeneración urbana ou a mellora das infraestruturas municipais.

Este mecanismo, dirixido principalmente a concellos de menos de 50.000 habitantes, enmárcase na política autonómica de equilibrio territorial e de apoio ao municipalismo, facilitando a execución de proxectos que contribúen á fixación de poboación, á dinamización económica e á mellora da calidade de vida da cidadanía, en coherencia co establecido na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Cómpre salientar que, desde a súa posta en marcha, este fondo permitiu mobilizar máis de 24 millóns de euros en préstamos para impulsar máis dun cento de actuacións en decenas de municipios galegos, consolidándose como unha ferramenta clave para activar investimentos locais sostibles e de impacto directo sobre o territorio.

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:04 Por Moisés Rodríguez Pérez
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:04 Por José Luis Ferro Iglesias
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

Neste contexto, enmárcase o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Celanova, ao abeiro do Fondo de Cooperación, que permitirá mobilizar un investimento de 464.000 euros para a urbanización da rúa Castor Elices. Esta actuación contempla intervencións integrais de mellora da accesibilidade, coa ampliación de beirarrúas, a renovación de servizos básicos, a reorganización do tráfico e a adecuación do espazo público ás necesidades actuais da veciñanza.

Trátase, por tanto, dunha intervención que vai máis alá dunha simple obra de urbanización, ao incidir directamente na mellora da mobilidade urbana, na seguridade viaria e na calidade ambiental do espazo público, contribuíndo á revitalización do núcleo urbano e ao reforzo da cohesión social.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

De que xeito está a contribuír a Xunta de Galicia, a través do Fondo de Cooperación, para que os concellos invistan en actuacións fundamentais como a vivenda ou a mellora das infraestruturas e, nomeadamente, có Concello de Celanova no marco do convenio asinado con esta entidade para financiar con 464.000 euros as obras de urbanización da rúa Castor Elices, e que impacto prevé o Goberno galego que terá esta actuación na mellora da accesibilidade, da mobilidade e da calidade de vida dos veciños e veciñas do municipio?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:06:23
Nº Rexistro: 54362
Data envío: 01/04/2026 12:06:23.192

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 12:04:46**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 01/04/2026 12:04:57**
**Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2026 12:05:06**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 12:05:14**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 12:05:27**
**Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 12:05:37**
**Gonzalo Trenor López na data 01/04/2026 12:05:45**
**Katherinie Varela Fernández na data 01/04/2026 12:05:53**
**María Nazaret Cendán Gayoso na data 01/04/2026 12:06:08**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:06:23
Nº Rexistro: 54362
Data envio: 01/04/2026 12:06:23.192

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:06:24**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por Carmen Pomar Tojo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:30:58
Nº Rexistro: 54367
Data envío: 01/04/2026 12:30:58.195

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 01/04/2 12:29 Por Julio García Com

**Á Mesa do Parlamento**

**Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A Torre de Vilaza é un elemento patrimonial de gran valor histórico no concello de Monterrei, vinculada á arquitectura defensiva medieval e á historia do territorio, formando parte da identidade da comarca.

Trátase dun ben que, como moitos no rural galego, sufriu o paso do tempo, pero no que xa se están a dar pasos para a súa conservación, algo que é importante recoñecer.

Agora ben, é fundamental consolidar e reforzar estas actuacións, garantindo a súa recuperación efectiva e a súa posta en valor.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- En que estado se atopan as actuacións previstas ou en marcha pola Xunta de Galicia en relación coa Torre de Vilaza?

2.- Que valoración fai a Xunta de Galicia do impacto das políticas e axudas ao patrimonio cultural no rural, e en particular no que respecta á conservación e posta en valor de elementos como a Torre de Vilaza, no concello de Monterrei?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:29 Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:29 Por Víctor Baladrón Lamas
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:30:58
Nº Rexistro: 54367
Data envio: 01/04/2026 12:30:58.195

**Asinado dixitalmente por:**

**Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 12:29:09**
**José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 12:29:22**
**Julio García Comesaña na data 01/04/2026 12:29:32**
**Patricia García González na data 01/04/2026 12:29:43**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2026 12:29:55**
**Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 12:30:12**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 01/04/2026 12:30:24**
**Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 12:30:34**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 12:30:45**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:30:58
Nº Rexistro: 54367
Data envio: 01/04/2026 12:30:58.195

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:30:59**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:36:09
Nº Rexistro: 54369
Data envío: 01/04/2026 12:36:09.009



Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 01/04/2 12:34 Por José Luis Ferro Ig

**Á Mesa do Parlamento**

**Víctor Baladrón Lamas, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández** e **Nazareth Cendán Gayoso,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A recuperación dunha frecuencia matinal temperá do AVE na estación Porta de Galicia-A Gudiña,  demostra que a supresión de paradas acordada o 9 de xuño de 2025 foi un "capricho" do ministro Óscar Puente, que privou durante todo este tempo a milleiros de usuarios do ferrocarril neste punto do seu dereito a unha mobilidade con horarios racionais.

Primeiro toman unha decisión errónea: recortar frecuencias e eliminar os horarios máis útiles para os usuarios. E despois, cando chega a presión social e institucional, presentan pequenos cambios como se fosen grandes avances.

Pero a realidade é outra moi distinta. Esta rectificación non é unha mellora, é simplemente o recoñecemento dun erro.

Un erro que durante meses prexudicou a milleiros de usuarios das comarcas de Monterrei, A Limia, Viana, Valdeorras, Trives e Conso-Frieiras, así como ás zonas portuguesas de Trás-os-Montes, Chaves e Vila Real.

A realidade para os usuarios é clara: menos opcións reais de mobilidade, dificultade para facer ida e volta no día, un servizo cada vez menos útil.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:34 Por Gonzalo Trenor López
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:34 Por Víctor Baladrón Lamas
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:36:09
Nº Rexistro: 54369
Data envio: 01/04/2026 12:36:09.009

PARLAMENTO DE GALICIA

1.- Como valora a Xunta de Galicia que o Ministerio de Transportes e ADIF reduzan horarios e presenten como mellora pequenos axustes que non recuperan a utilidade real do servizo ferroviario na Gudiña-Porta de Galicia?

2.- Considera a Xunta de Galicia aceptable que se reduzan servizos no interior e se presenten despois como avances o que en realidade son correccións insuficientes?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:36:09
Nº Rexistro: 54369
Data envio: 01/04/2026 12:36:09.009

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 12:34:28
Gonzalo Trenor López na data 01/04/2026 12:34:35
José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 12:34:47
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 12:34:56
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 12:35:07
Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 12:35:16
Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2026 12:35:25
Moisés Rodríguez Pérez na data 01/04/2026 12:35:37
Katherinie Varela Fernández na data 01/04/2026 12:35:45
María Nazaret Cendán Gayoso na data 01/04/2026 12:35:56

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:36:09
Nº Rexistro: 54369
Data envio: 01/04/2026 12:36:09.009

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:36:09

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:52:08
Nº Rexistro: 54373
Data envio: 01/04/2026 12:52:08.564



Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 01/04/2
Por María Encarnació
Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Casares Gándara, Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A Comunidade Autónoma de Galicia, encadrada na zona atlántica, posúe unhas condicións climatolóxicas caracterizadas por unha elevada pluviometría e unhas temperaturas suaves. Tales condicións traen canda si unha serie de problemas para o noso viñedo entre os que salienta unha alta incidencia de enfermidades provocadas por fungos, nomeadamente o mildiu, o oídio, a botrite ou podremia gris e mailo black rot ou podremia negra. Da presenza constante destas patoloxías derivan tanto perdas importantes nas colleitas, uns maiores custes de produción coma unha meirande contaminación medioambiental.

Por outra banda, a entrada en vigor da Xestión Integrada de Pragas determinou a obriga dun uso máis sostible dos produtos fitosanitarios cunha maior limitación de sustancias activas, a aplicación razoable daqueles que poden utilizarse e a necesidade dos servizos de técnicos que controlen as ditas aplicacións. Coma consecuencia, fíkxose necesario desenvolver estratexias que permitan adaptarse a estas esixencias normativas e, ao mesmo tempo, manter viva unha actividade produtiva de gran importancia en Galicia.

Nos últimos anos asistimos ao desenvolvemento de plataformas de alerta fitosanitaria, a través de softwares con base en índices climáticos preditivos, que poñen en alerta ao viticultor ante episodios de aparición de pragas e enfermidades. Porén, estas plataformas requiren da existencia de estacións meteorolóxicas achegadas á parcela para garantir a súa fiabilidade ao tempo que supoñen un importante custe engadido ao viticultor.

Por Cristina Campero Dorado
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:50
Por Miguel Ángel Viso Diéguez
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:50
Por Juan Manuel Casares Gándara
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:52:08
Nº Rexistro: 54373
Data envio: 01/04/2026 12:52:08.564

PARLAMENTO DE GALICIA

Hai un ano, no marco do "V Foro de Innovación produtiva do sector agrario galego" organizado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellaría do Medio Rural, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega) presentou e puxo en funcionamento a plataforma web de avisos pública, FITOVIT. A partir da información contrastada achegada por técnicos de campo e co apoio do desenvolvemento de modelos epidemiolóxicos adaptados ás condiciones climáticas propias de Galicia, esta ferramenta -pública e de balde-, permite predicir a incidencia das enfermidades máis recorrentes na viticultura galega.

Deste xeito, todos os viticultores galegos dispoñen dunha información a tempo real que os axuda no proceso de toma de decisións sobre o momento de tratar os seus viñedos e, ao mesmo tempo, permítelles unha mellor xestión da súa explotación tanto dende o punto de vista económico, tecnolóxico, social e ambiental.

De acordo co anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración do Goberno galego a respecto do funcionamento da plataforma web pública Fitovit?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:52:08
Nº Rexistro: 54373
Data envío: 01/04/2026 12:52:08.564

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 01/04/2026 12:50:24
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 01/04/2026 12:50:36
María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 12:50:46
Enrique Barreiro Sánchez na data 01/04/2026 12:50:52
Cristina Campero Dorado na data 01/04/2026 12:51:05
Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 12:51:16
José Mato Díaz na data 01/04/2026 12:51:34
Ángel Rodríguez Conde na data 01/04/2026 12:51:43
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 12:51:54

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:52:08
Nº Rexistro: 54373
Data envio: 01/04/2026 12:52:08.564

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:52:09**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:57:18
Nº Rexistro: 54375
Data envio: 01/04/2026 12:57:18.604

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 01/04/2
Por María Encarnació
Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Casares Gándara, Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (en diante Evega) foi inaugurada o 5 de novembro de 1985 no concello de Leiro (Ourense), ao pé do Mosteiro de San Clodio, coa finalidade de impulsar o sector vitivinícola galego. Por tal motivo, o pasado 5 de novembro de 2025, este centro conmemorou o seu 40 aniversario.

Por Cristina Campero Dorado
Asinado o día 01/04/2026 ás 12:55
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Anos despois, en xullo de 1997, abriu as súas portas a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE) no concello de Ribadumia (Pontevedra) como subestación dependente da anterior.

Dende a súa inauguración, a Evega, asume como misión esencial fomentar o desenvolvemento tecnolóxico do sector vitivinícola galego a través da investigación aplicada, do asesoramento a viticultores, adegueiros e embotelladores e da realización de actividades formativas. Atópase recoñecida como laboratorio oficial para as análises dos produtos derivados da vide e está acreditada pola ENAC dende xullo de 2014 para o desenvolvemento da meirande parte de tales análises.

Asemade, da súa actividade investigadora e de I+D+i derivan materiais e tecnoloxía que adopta o sector vitícola. Independentemente das publicacións en medios de comunicación técnicos e científicos e das colaboracións noutras publicacións de divulgación técnica, desenvolve unha difusión directa das tecnoloxías e innovacións en congresos, cursos, xornadas e talleres.

Asinado o día 01/04/2026 ás 12:55
Por Juan Manuel Casares
Gándara

Por outra banda, a acubilla a colección da variedades de cultivo tradicional máis completa e antiga de Galicia; un banco de xermoplasma que evita a extinción das

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

mesmas, contribúe ao mantemento da biodiversidade e garante un reservorio do patrimonio xenético vitícola dos galegos.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:57:18
Nº Rexistro: 54375
Data envio: 01/04/2026 12:57:18.604



Ao mesmo tempo é un viveiro seleccionador oficial de Galicia cuxo obxectivo é a posta a disposición do sector de material certificado con garantías varietal, xenética e sanitaria.

En derradeiro lugar, a Evega contribúe á formación dos futuros profesionais a través de convenios con centros de formación profesional, desenvolvemento dos períodos de prácticas curriculares e o adestramento de bolseiros.

De acordo co anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración do Goberno galego a respecto do papel da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega) no desenvolvemento do sector vitivinícola galego?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:57:18
Nº Rexistro: 54375
Data envio: 01/04/2026 12:57:18.604

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 01/04/2026 12:55:26
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 01/04/2026 12:55:49
María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 12:56:00
Enrique Barreiro Sánchez na data 01/04/2026 12:56:07
Cristina Campero Dorado na data 01/04/2026 12:56:17
Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 12:56:33
José Mato Díaz na data 01/04/2026 12:56:44
Ángel Rodríguez Conde na data 01/04/2026 12:56:54
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 12:57:05

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:57:18
Nº Rexistro: 54375
Data envio: 01/04/2026 12:57:18.604

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:57:19

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:02:59
Nº Rexistro: 54378
Data envio: 01/04/2026 13:02:59.476

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 01/04/2 13:01
Por Miguel Ángel Viso

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan M. Casares Gándara, Noelia Pérez López, Miguel A. Viso Diéguez, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández** e **Nazareth Cendán Gayoso,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:00
Por Noelia Pérez López

Se atendemos ós datos que reflicten os distintos barómetros mensuais que publica o Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), o acceso á vivenda é percibida como o primeiro problema que existe actualmente en España. Esta apreciación medra mes a mes, de xeito que se representaba unha preocupación para o 34,1% en febreiro do ano 2025, un ano despois manifestanse neste mesmo sentido o 42,8%.

No discurso de presentación do seu programa de goberno como candidato á presidencia da Xunta de Galicia en abril de 2024, don Alfonso Rueda comprometeuse, entre outras medidas, a duplicar o tamaño do parque público de vivenda. Así, das tres mil oitocentas vivendas que había nese momento, propoñía chegar durante a presente lexislatura ás oito mil e poñelas a disposición dos galegos e das galegas que as precisasen.

No que atinxe á cidade de Ourense, a Xunta está a acometer as obras de construción de 64 novas vivendas de promoción pública en Cambedo de Raia, cun investimento de 13,6M€. Esta nova promoción, formada por catro bloques, sitúase en tres parcelas que a Xunta mercara á Sareb por máis dun millón de euros. E as 64 vivendas (de 2, 3 e 4 dormitorios), unha vez construídas, serán adxudicadas en réxime de alugueiro accesible, coa reserva de ao menos un 40% para menores de 36 anos.

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:00
Por Juan Manuel Casares Gándara
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:02:59
Nº Rexistro: 54378
Data envio: 01/04/2026 13:02:59.476

PARLAMENTO DE GALICIA

Hai uns días, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas presentou o Proxecto de Interese Autonómico (PIA) de Ourense, onde proxecta 1.435 vivendas, das que o 80% serán protexidas, e máis de 45.000 metros cadrados de espazos libres e verdes.

Este esforzo inversor do goberno galego para o desenvolvemento e urbanización do ámbito ascende a 13,5M€. A esta cantidade hai que sumar o investimento inducido por parte de promotores, cooperativistas e tamén da Xunta, que se estima en 250M€ para a construción das 1.435 vivendas previstas.

De acordo co anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son os impactos económico e social que se agardan obter derivados dos proxectos de promoción de vivenda pública que a Xunta de Galicia está a impulsar na cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:02:59
Nº Rexistro: 54378
Data envio: 01/04/2026 13:02:59.476

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 01/04/2026 13:00:41
Noelia Pérez López na data 01/04/2026 13:00:52
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 01/04/2026 13:01:03
Moisés Rodríguez Pérez na data 01/04/2026 13:01:14
José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 13:01:28
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 13:01:37
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 13:01:50
Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 13:02:06
Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2026 13:02:18
Gonzalo Trenor López na data 01/04/2026 13:02:25
Katherinie Varela Fernández na data 01/04/2026 13:02:34
María Nazaret Cendán Gayoso na data 01/04/2026 13:02:45

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:02:59
Nº Rexistro: 54378
Data envio: 01/04/2026 13:02:59.476

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:03:00**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:05:42
Nº Rexistro: 54381
Data envio: 01/04/2026 13:05:42.403

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Saleta Chao Rivas** e **Iria Taibo Corsanego**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o modelo turístico no contexto da crise derivada da intervención militar de EUA e Israel en Irán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un mes despois de que os Estados Unidos e Israel atacasen Irán nunha violación máis do dereito internacional perpetrada por estes dous países, o Consello da Xunta deu luz verde a unha serie de medidas deseñadas, en palabras do Presidente da Xunta, para mitigar as consecuencias da guerra.

Entre esas actuacións detallou a “promoción do destino Galiza como refuxio de tranquilidade e autenticidade fronte á masificación doutros destinos mediterráneos”. Na nota de prensa posterior ao Consello indicábase que se trata de “converter a crise xeopolítica actual nunha oportunidade de mercado, ofrecendo ao turista internacional un destino seguro e estable fronte a inestabilidade en Oriente Medio e Asia.

Non é a primeira vez que a Xunta de Galiza utiliza unha crise para a promoción turística do noso país, como xa vimos coa promoción en FITUR no seu momento de Galiza como refuxio climático, obviando as gravísimas consecuencias que a emerxencia climática ten para o noso país, como a vaga de lumes do verán de 2025.

Desta volta, a Xunta de Galiza decide utilizar a escalada bélica iniciada polos Estados Unidos e Israel como unha oportunidade de promoción turística, en palabras da

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:04
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:04
Por Saleta Chao Rivas

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

propia administración galega, para "converter a crise xeopolítica actual nunha oportunidade de mercado".

Galiza non é allea ás consecuencias das guerras imperialistas, como co aumento do custo da vida que, día a día, fai máis difícil encher o depósito ou facer a compra. O Goberno galego non pode facer dunha situación crítica que ten consecuencias tamén na poboación galega unha oportunidade de negocio.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Considera a Xunta de Galiza que se deben utilizar as crises que vivimos e que afectan directamente á poboación galega como instrumentos de promoción turística do noso país?

- Considera a Xunta de Galiza que a agresión imperialista a Irán é unha oportunidade de mercado?

- Pensa o Goberno galego que o noso país é alleo ás consecuencias da escalada bélica en Irán?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:05:42
Nº Rexistro: 54381
Data envio: 01/04/2026 13:05:42.403

**Asinado dixitalmente por:**

**Saleta Chao Rivas na data 01/04/2026 13:04:17**

**Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 13:04:23**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:05:42
Nº Rexistro: 54381
Data envio: 01/04/2026 13:05:42.403

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:05:43**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:15:13
Nº Rexistro: 54388
Data envio: 01/04/2026 13:15:13.880

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 01/04/2 13:13
Por Daniel Castro Ga

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas**, **Daniel Castro García** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o uso do galego nos seguros.

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:13
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo octavo da Lei 50/1980, do Contrato de Seguro establece que “A póliza do contrato deberá redactarse, a elección do tomador do seguro, en calquera das linguas españolas oficiais no lugar onde aquela se formalice. Se o tomador o solicita, deberá redactarse noutra lingua distinta, de conformidade coa Directiva 92/96, do Consello da Unión Europea, de 10 de novembro de 1992”.

O terceiro punto do Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza establece que “os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

O Artigo 3 da Lei de Normalización Lingüística establece que “os poderes públicos de Galiza adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”.

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:13
Por Iria Taibo Corsanego

O Plan Xeral de Normalización Lingüística, entre os seus obxectivos xerais, indica “garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións e “conseguir para a lingua galega máis funcións

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos". O sector 4 do Plan, dedicado á economía, establece, entre outras medidas: "Comunicación oficial da Xunta de Galicia ás empresas recomendando actitude favorable á lingua", que non temos constancia que se producira.

A exclusión práctica do galego no sector dos seguros contradí toda esta normativa, alén de representar un grave problema para o dereito de elección da cidadanía. Na actualidade, só o 1% das pólizas de seguros que se subscriben en Galiza están en galego. A imposibilidade da elección fica acreditada con casos como o da empresa Allianz, que tivo que ser obrigada pola xustiza a garantir a dispoñibilidade das súas pólizas en galego, nunha querela presentada por un cidadán a través dos servizos xurídicos da Mesa pola Normalización Lingüística en 2022.

O goberno galego, alén das súas obrigas legais e estatutarias, ten capacidade para incidir neste sector, que afecta practicamente a toda a cidadanía do país, polo que resulta de grande importancia para o obxectivo de normalización da lingua galega. Esta actuación pode producirse tanto desde o punto de vista público, levando a cabo unha campaña de información dos dereitos lingüísticos da cidadanía (e das obrigas das compañías aseguradoras), como dirixíndose directamente a estas empresas para, nun primeiro lugar, demandar que todas as pólizas que teña contratado o propio goberno galego estean na nosa lingua, e alén diso demandar tamén que informen axeitadamente a cidadanía e faciliten as pólizas en lingua galega sen dificultades.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Como valora o goberno galego a presenza da nosa lingua no ámbito dos seguros?



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:15:13
Nº Rexistro: 54388
Data envio: 01/04/2026 13:15:13.880

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O goberno galego puxo en marcha, ou ten previsto pór en marcha algunha medida para garantir que todas as pólizas de seguros subscritas polo goberno galego, actuais e as que poida subscribir no futuro, estean en lingua galega?

- Ten previsto o goberno galego pór en marcha algunha medida para protexer os dereitos lingüísticos da cidadanía no sector dos seguros?

- Ten previsto o goberno galego dirixirse ás empresas aseguradoras para demandarlles que garantan os dereitos lingüísticos da cidadanía e que cumpran a lexislación neste ámbito, ademais de pedirlles medidas de discriminación positiva para a lingua galega?

- Ten previsto o goberno galego levar a cabo algunha campaña dirixida a fomentar a presenza do galego nos seguros, na que se informe sobre os dereitos lingüísticos da cidadanía e sobre as obrigas das empresas aseguradoras en relación con este asunto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:15:13
Nº Rexistro: 54388
Data envio: 01/04/2026 13:15:13.880

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 13:13:28

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2026 13:13:35

Daniel Castro García na data 01/04/2026 13:13:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/04/2026 13:13:50

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:15:13
Nº Rexistro: 54388
Data envio: 01/04/2026 13:15:13.880

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:15:14

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:25:36
Nº Rexistro: 54391
Data envío: 01/04/2026 13:25:36.797



Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 01/04/2
13:24
Por José Luis Ferro Ig

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández** e **Nazareth Cendán Gayoso,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Reserva Nacional de Caza dos Ancares, situada no concello de Cervantes, constitúe un dos grandes referentes medioambientais de Galicia e un exemplo de posta en valor do noso patrimonio natural. Integrada na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e na Rede Natura 2000, este espazo combina conservación da biodiversidade con oportunidades reais de desenvolvemento rural.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén realizando un esforzo inversor que permitiu avanzar na mellora da Reserva. Actuouse na adecuación de pistas forestais e accesos, fundamentais para a xestión do territorio, a prevención de incendios e a loita contra o furtivismo. Así mesmo, impulsáronse medidas de xestión activa do hábitat, como desbroces e actuacións orientadas a mellorar os recursos para a fauna, favorecendo o equilibrio do ecosistema.

Estas actuacións contribuíron a consolidar poboacións de especies como o rebeco, o cervo ou o corzo, ao tempo que se protexe un entorno de especial valor para especies singulares como o oso pardo e o urogallo.

En definitiva, trátase dun espazo estratéxico no que se está a traballar para compatibilizar conservación e desenvolvemento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2026 ás
13:24
Por Gonzalo Trenor López
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:23
Por María Encarnación Amigo
Díaz
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:25:36
Nº Rexistro: 54391
Data envío: 01/04/2026 13:25:36.797

PARLAMENTO DE GALICIA

Que investimentos concretos realizou a Xunta de Galicia nos últimos anos na Reserva Nacional de Caza dos Ancares e que actuacións están previstas a curto e medio prazo para seguir reforzando o seu papel como motor de desenvolvemento sostible?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 13:23:54
Gonzalo Trenor López na data 01/04/2026 13:24:01
José Luis Ferro Iglesias na data 01/04/2026 13:24:12
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 13:24:21
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 13:24:34
Carmen Pomar Tojo na data 01/04/2026 13:24:45
Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2026 13:24:53
Moisés Rodríguez Pérez na data 01/04/2026 13:25:04
Katherinie Varela Fernández na data 01/04/2026 13:25:14
María Nazaret Cendán Gayoso na data 01/04/2026 13:25:24

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:25:36
Nº Rexistro: 54391
Data envio: 01/04/2026 13:25:36.797

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:25:37

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:30:22
Nº Rexistro: 54396
Data envio: 01/04/2026 13:30:22.709

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Ponzos, no concello de Ferrol, a comunidade educativa vén trasladando de forma reiterada a existencia de carencias estruturais en materia de atención á diversidade, que afectan directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación inclusiva e de calidade. Estas necesidades concrétanse, fundamentalmente, na insuficiencia de recursos de orientación educativa, profesorado de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e persoal coidador especializado.

A actual dotación resulta claramente insuficiente para atender as necesidades reais do alumnado, o que está a dificultar o acceso a unha resposta educativa individualizada e a comprometer o desenvolvemento académico e persoal de numerosos nenos e nenas.

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:51
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:51
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:30:22
Nº Rexistro: 54396
Data envío: 01/04/2026 13:30:22.709

Esta situación evidencia problemas de planificación e organización dos recursos por parte da Administración educativa, que non está a garantir unha cobertura estable e adecuada dos servizos de apoio nos centros educativos. A falta de profesionais suficientes e a previsión de manter modelos de atención compartida en ámbitos clave como a orientación supón un risco evidente para a correcta detección, diagnóstico e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio.

A insuficiencia destes recursos supón unha vulneración efectiva do principio de equidade e da atención á diversidade que debe rexer o sistema educativo, dificultando o desenvolvemento académico, social e emocional do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia garantir a dotación dun orientador ou orientadora a tempo completo no CEIP Ponzos no vindeiro curso escolar?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:30:22
Nº Rexistro: 54396
Data envio: 01/04/2026 13:30:22.709

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 19:51:37
Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 19:51:43

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:30:22
Nº Rexistro: 54396
Data envio: 01/04/2026 13:30:22.709

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:30:23

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:31:02
Nº Rexistro: 54398
Data envio: 01/04/2026 13:31:02.895



Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2 13:29
Por Víctor Baladrón L

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Goberno galego deseñou e impulsa o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, un ambicioso proxecto estratéxico que contempla a posta en marcha de novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros, coa finalidade de que poida servir para completar o novo mapa destes servizos sanitarios en Galicia.

Este Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria non só identifica aqueles centros sobre os que é máis prioritaria unha intervención para a súa reforma ou substitución, senón que tamén enfoca as características desa intervención para garantir a súa adaptación aos novos requirimentos asistenciais do modelo de atención primaria.

O dito Plan formula un horizonte para a atención primaria dos vindeiros anos, establecendo prioridades que permitirán centrar os esforzos e acelerar os procedementos necesarios para facer realidade os proxectos que formula e que a atención primaria en particular e a sanidade pública galega en xeral necesitan para continuar medrando.

Na denominada como "fase 1" do Plan abórdanse varias actuacións que teñen a consideración de máis urxentes en atención a criterios técnicos e necesidades asistencias. Nela está prevista a construción do novo centro de saúde no de Noia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:29
Por Raquel Arias Rodríguez
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:29
Por María Encarnación Amigo Díaz
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Que previsións manexa a Consellería de Sanidade en relación co novo centro de saúde de Noia?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:31:02
Nº Rexistro: 54398
Data envio: 01/04/2026 13:31:02.895

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 13:29:14
Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2026 13:29:26
Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 13:29:38
Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 13:29:50
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 13:29:57
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 13:30:09
Noelia Pérez López na data 01/04/2026 13:30:19
Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 13:30:30
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 13:30:41

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:31:02
Nº Rexistro: 54398
Data envio: 01/04/2026 13:31:02.895

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:31:03

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:33:52
Nº Rexistro: 54401
Data envio: 01/04/2026 13:33:52.241

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Ponzos, no concello de Ferrol, a comunidade educativa vén trasladando de forma reiterada a existencia de carencias estruturais en materia de atención á diversidade, que afectan directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación inclusiva e de calidade. Estas necesidades concrétanse, fundamentalmente, na insuficiencia de recursos de orientación educativa, profesorado de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e persoal coidador especializado.

A actual dotación resulta claramente insuficiente para atender as necesidades reais do alumnado, o que está a dificultar o acceso a unha resposta educativa individualizada e a comprometer o desenvolvemento académico e persoal de numerosos nenos e nenas.

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:51
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:51
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Esta situación evidencia problemas de planificación e organización dos recursos por parte da Administración educativa, que non está a garantir unha cobertura estable e adecuada dos servizos de apoio nos centros educativos. A falta de profesionais suficientes e a previsión de manter modelos de atención compartida en ámbitos clave como a orientación supón un risco evidente para a correcta detección, diagnóstico e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio.

A insuficiencia destes recursos supón unha vulneración efectiva do principio de equidade e da atención á diversidade que debe rexer o sistema educativo, dificultando o desenvolvemento académico, social e emocional do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego suficiente a actual dotación de profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe no CEIP Ponzos para atender as necesidades do alumnado?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:33:52
Nº Rexistro: 54401
Data envio: 01/04/2026 13:33:52.241

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 19:51:52**

**Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 19:51:58**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:33:52
Nº Rexistro: 54401
Data envio: 01/04/2026 13:33:52.241

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:33:52**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:34:46
Nº Rexistro: 54405
Data envío: 01/04/2026 13:34:46.409

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Ponzos, no concello de Ferrol, a comunidade educativa vén trasladando de forma reiterada a existencia de carencias estruturais en materia de atención á diversidade, que afectan directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación inclusiva e de calidade. Estas necesidades concrétanse, fundamentalmente, na insuficiencia de recursos de orientación educativa, profesorado de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e persoal coidador especializado.

A actual dotación resulta claramente insuficiente para atender as necesidades reais do alumnado, o que está a dificultar o acceso a unha resposta educativa individualizada e a comprometer o desenvolvemento académico e persoal de numerosos nenos e nenas.

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:52
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:34:46
Nº Rexistro: 54405
Data envio: 01/04/2026 13:34:46.409



Esta situación evidencia problemas de planificación e organización dos recursos por parte da Administración educativa, que non está a garantir unha cobertura estable e adecuada dos servizos de apoio nos centros educativos. A falta de profesionais suficientes e a previsión de manter modelos de atención compartida en ámbitos clave como a orientación supón un risco evidente para a correcta detección, diagnóstico e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio.

A insuficiencia destes recursos supón unha vulneración efectiva do principio de equidade e da atención á diversidade que debe rexer o sistema educativo, dificultando o desenvolvemento académico, social e emocional do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia incrementar a dotación de profesorado de apoio á diversidade neste centro educativo e con que previsión temporal?
2. Ten previsto o Goberno galego reforzar o persoal coidador especializado adscrito ao CEIP Ponzos mediante a incorporación dunha nova figura profesional?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:34:46
Nº Rexistro: 54405
Data envio: 01/04/2026 13:34:46.409

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 19:52:07**

**Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 19:52:13**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:34:46
**Nº Rexistro: 54405**
Data envio: 01/04/2026 13:34:46.409

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:34:47**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:35:39
Nº Rexistro: 54408
Data envio: 01/04/2026 13:35:39.394

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Ponzos, no concello de Ferrol, a comunidade educativa vén trasladando de forma reiterada a existencia de carencias estruturais en materia de atención á diversidade, que afectan directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación inclusiva e de calidade. Estas necesidades concrétanse, fundamentalmente, na insuficiencia de recursos de orientación educativa, profesorado de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e persoal coidador especializado.

A actual dotación resulta claramente insuficiente para atender as necesidades reais do alumnado, o que está a dificultar o acceso a unha resposta educativa individualizada e a comprometer o desenvolvemento académico e persoal de numerosos nenos e nenas.

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 31/03/2026 ás 19:52
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Esta situación evidencia problemas de planificación e organización dos recursos por parte da Administración educativa, que non está a garantir unha cobertura estable e adecuada dos servizos de apoio nos centros educativos. A falta de profesionais suficientes e a previsión de manter modelos de atención compartida en ámbitos clave como a orientación supón un risco evidente para a correcta detección, diagnóstico e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio.

A insuficiencia destes recursos supón unha vulneración efectiva do principio de equidade e da atención á diversidade que debe rexer o sistema educativo, dificultando o desenvolvemento académico, social e emocional do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que avaliación realizou a Consellería de Educación sobre as necesidades reais de atención á diversidade no CEIP Ponzos?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:35:39
Nº Rexistro: 54408
Data envío: 01/04/2026 13:35:39.394

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:35:39
Nº Rexistro: 54408
Data envio: 01/04/2026 13:35:39.394

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 19:52:21**

**Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 19:52:28**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:35:39
Nº Rexistro: 54408
Data envio: 01/04/2026 13:35:39.394

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:35:40

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2 13:34
Por Víctor Baladrón L
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:34
Por Raquel Arias Rodríguez
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:34
Por María Encarnación Amigo Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Goberno galego deseñou e impulsa o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, un ambicioso proxecto estratéxico que contempla a posta en marcha de novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros, coa finalidade de que poida servir para completar o novo mapa destes servizos sanitarios en Galicia.

Este Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria non só identifica aqueles centros sobre os que é máis prioritaria unha intervención para a súa reforma ou substitución, senón que tamén enfoca as características desa intervención para garantir a súa adaptación aos novos requirimentos asistenciais do modelo de atención primaria.

O dito Plan formula un horizonte para a atención primaria dos vindeiros anos, establecendo prioridades que permitirán centrar os esforzos e acelerar os procedementos necesarios para facer realidade os proxectos que formula e que a atención primaria en particular e a sanidade pública galega en xeral necesitan para continuar medrando.

Na denominada como “fase 2” do Plan, está prevista a construción dun novo centro de saúde no municipio de Ponteareas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:36:00
Nº Rexistro: 54410
Data envio: 01/04/2026 13:36:00.514

PARLAMENTO DE GALICIA

Que previsións manexa a Consellería de Sanidade en relación co novo centro de saúde de Ponteareas?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:36:00
Nº Rexistro: 54410
Data envio: 01/04/2026 13:36:00.514

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 13:34:14
Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2026 13:34:33
Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 13:34:44
Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 13:34:56
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 13:35:04
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 13:35:16
Noelia Pérez López na data 01/04/2026 13:35:26
Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 13:35:36
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 13:35:47

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:36:01

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:41:20
Nº Rexistro: 54412
Data envio: 01/04/2026 13:41:20.129

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2 13:39 Por Víctor Baladrón L

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A enquisa ESTUDES é un estudo estatístico que analiza os hábitos de consumo de drogas entre estudantes de ensinanzas secundarias en España. Céntrase principalmente en mozos e mozas de entre 14 e 18 anos que cursan ESO, Bacharelato ou Formación Profesional. A través de cuestionarios anónimos, recolle información sobre o uso de substancias como o alcohol, o tabaco, o cannabis e outras drogas, así como sobre a percepción do risco e o contorno social do alumnado.

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:39 Por Raquel Arias Rodríguez

Esta enquisa realízase de maneira periódica dende o ano 1994, o que permite dispoñer dunha serie histórica moi valiosa para observar a evolución do consumo xuvenil ao longo do tempo. O seu carácter bienal facilita comparar resultados entre distintas edicións e detectar cambios nas tendencias, como o aumento ou diminución do consumo de determinadas substancias ou a aparición de novos comportamentos de risco.

O principal obxectivo de ESTUDES é proporcionar información fiable e actualizada que sirva para deseñar e avaliar políticas públicas de prevención do consumo de drogas. Neste sentido, os datos obtidos son fundamentais para institucións como o Plan Nacional sobre Drogas e o Ministerio de Sanidade, que empregan estes resultados para orientar campañas educativas, programas de intervención e estratexias de saúde pública dirixidas á poboación nova.

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:39 Por María Encarnación Amigo Díaz

Ademais de medir o consumo, a enquisa tamén analiza factores como a accesibilidade ás substancias, a influencia do grupo de iguais e a percepción social

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:41:20
Nº Rexistro: 54412
Data envio: 01/04/2026 13:41:20.129

PARLAMENTO DE GALICIA

do risco. Isto permite comprender mellor por que a mocidade consume drogas e que elementos inflúen nas súas decisións.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que resultados mostra a enquisa ESTUDES sobre a situación na que se atopa Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:41:20
Nº Rexistro: 54412
Data envio: 01/04/2026 13:41:20.129

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 13:39:34
Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2026 13:39:44
Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 13:39:55
Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 13:40:08
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 13:40:17
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 13:40:30
Noelia Pérez López na data 01/04/2026 13:40:41
Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 13:40:52
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 13:41:06

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:41:20
Nº Rexistro: 54412
Data envio: 01/04/2026 13:41:20.129

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:41:21

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:49:51
Nº Rexistro: 54414
Data envio: 01/04/2026 13:49:51.379

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 01/04/2 13:48 Por Víctor Baladrón L
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:48 Por Raquel Arias Rodríguez
Asinado o día 01/04/2026 ás 13:48 Por María Encarnación Amigo Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A atención primaria constitúe un dos principais piares do sistema sanitario, ao ser a porta de entrada da cidadanía e o nivel asistencial máis próximo ós cidadáns. A súa capacidade para ofrecer unha atención integral, continua e personalizada permite non só tratar enfermidades, senón tamén anticiparse a elas a través da prevención e da promoción da saúde.

Ademais, a atención primaria xoga un papel clave na coordinación entre niveis asistenciais, garantindo a continuidade dos coidados e adaptándose ás necesidades dunha sociedade cada vez máis envellecida e con maior prevalencia de enfermidades crónicas.

Neste contexto, a incorporación de tecnoloxía sanitaria avanzada e a mellora do equipamento dos centros de saúde resultan fundamentais para incrementar a capacidade diagnóstica e resolutiva dos profesionais, achegando unha atención de maior calidade a todo o territorio. Apostar pola modernización tecnolóxica da atención primaria é, en definitiva, reforzar un modelo asistencial máis eficiente, accesible e centrado nas persoas.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal foi o investimento realizado pola Consellería de Sanidade na adquisición de equipamento para atención primaria?

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:49:51
Nº Rexistro: 54414
Data envio: 01/04/2026 13:49:51.379

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:49:51
Nº Rexistro: 54414
Data envio: 01/04/2026 13:49:51.379

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 13:48:04
Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2026 13:48:16
Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 13:48:26
Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 13:48:40
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 13:48:48
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 13:49:01
Noelia Pérez López na data 01/04/2026 13:49:12
Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 13:49:25
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 13:49:37

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:49:51
Nº Rexistro: 54414
Data envio: 01/04/2026 13:49:51.379

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:49:52**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por Argimiro Marnotes Fernández

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:55:17
Nº Rexistro: 54416
Data envio: 01/04/2026 13:55:17.062

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 01/04/2 13:53
Por Víctor Baladrón L

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Por Dolores Hermelo Piñeiro

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:53
Por Raquel Arias Rodríguez

O volume de compras de material sanitario e outros funxibles representa non só un elemento clave para o funcionamento do sistema sanitario, senón tamén unha área estratéxica para a mellora da eficiencia económica. Dado que estes produtos son en gran medida dun só uso, xeran un fluxo constante de gasto e residuos.

Baixo estas circunstancias, a aplicación dos principios da economía circular (redución, reutilización, reciclaxe e redeseño de produtos) permite repensar os modelos de compra, priorizando materiais reutilizables cando sexa seguro, produtos con menor impacto ambiental ou sistemas de aprovisionamento máis eficientes. Contribuíndo non só a diminuír a pegada ecolóxica do sistema sanitario, senón que tamén abre oportunidades para optimizar o uso dos recursos públicos.

Neste contexto, tivemos coñecemento que o Servizo Galego de Saúde están implementando estratexias destinadas á adquisición sostible, á rehabilitación, á reciclaxe e á recuperación de recursos, permitirá reducir o impacto ambiental da actividade sanitaria. Unha de estas medidas está canalizada mediante a participación no proxecto europeo REHEAL.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que consiste o proxecto REHEAL e que impacto terá na sanidade pública galega?

Asinado o día 01/04/2026 ás 13:53
Por María Encarnación Amigo Díaz

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:55:17
Nº Rexistro: 54416
Data envío: 01/04/2026 13:55:17.062

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:55:17
Nº Rexistro: 54416
Data envio: 01/04/2026 13:55:17.062

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/04/2026 13:53:33
Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2026 13:53:45
Víctor Baladrón Lamas na data 01/04/2026 13:53:56
Nicole Grueira Fernández na data 01/04/2026 13:54:09
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2026 13:54:18
Argimiro Marnotes Fernández na data 01/04/2026 13:54:30
Noelia Pérez López na data 01/04/2026 13:54:42
Raúl Santamaría González na data 01/04/2026 13:54:52
Cecilia Vázquez Suárez na data 01/04/2026 13:55:03

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:55:17
Nº Rexistro: 54416
Data envio: 01/04/2026 13:55:17.062

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:55:18**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54425
Data envío: 01/04/2026 16:12:02.929

# Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A política de prevención de incendios forestais en Galicia leva anos instalada na mesma dinámica : atrasos reiterados, falta de planificación e unha execución claramente insuficiente dos fondos públicos destinados á xestión preventiva do monte.

Un exemplo especialmente significativo é o das axudas para a prevención en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta.
A orde correspondente ao exercicio 2024 foi publicada en decembro de 2024, convocada en xaneiro de 2025 e co prazo de solicitude pechado en febreiro dese mesmo ano. Porén, non foi resolta ata febreiro de 2026, é dicir, máis dun ano despois.

Isto implica que unhas axudas destinadas a planificar e executar actuacións preventivas no exercicio correspondente, resolvéronse cando ese prazo xa estaba completamente superado.

Falamos de 283 expedientes aprobados por un importe duns 5,4 millóns de euros, que inclúen actuacións fundamentais para a prevención:

- 1.000 hectáreas de cortalumes
- 4.685 hectáreas de desbroces en monte
- 1.200 hectáreas de faixas de xestión
- 841 quilómetros de pistas

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado o día 01/04/2026 ás 16:10
Por Lara Méndez López

Asinado o día 01/04/2026 ás 16:09
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54425
Data envío: 01/04/2026 16:12:02.929

PSG DE PSOE

- 550 hectáreas de tratamentos de selvicultura preventiva

E, sen embargo, a Xunta pretende agora que todas estas actuacións se executen en apenas catro meses, cando o prazo inicialmente previsto era de ata 17 meses. Calquera persoa que coñeza o funcionamento do sector forestal sabe que isto non é viable.

Estamos a falar de actuacións que requiren planificación, contratación, dispoñibilidade de empresas e condicións meteorolóxicas axeitadas. Pretender concentrar todo nun prazo tan reducido non só é irreal, senón que evidencia unha grave falta de planificación por parte da Administración.

Por elo , Durante o ano  2025, miles de hectáreas e centos de quilómetros de infraestruturas forestais quedaron sen actuar, mentres os fondos permanecían bloqueados sen executarse.

E mentres tanto, producíronse incendios que afectaron a superficies que poderían ter sido obxecto destas actuacións preventivas.

É dicir, a Xunta non só chegou tarde, senón que en moitos casos chegou despois do dano.

A isto hai que engadir a existencia de expedientes denegados exclusivamente por falta de crédito, é dicir, proxectos correctos desde o punto de vista técnico que quedan fóra por unha previsión orzamentaria insuficiente.
E, paralelamente, hai actuacións que xa non se poderán executar, ben porque os montes foron afectados por incendios, ben porque as condicións actuais as fan inviables.

O resultado é un escenario difícil de xustificar:

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54425
Data envio: 01/04/2026 16:12:02.929

axudas que chegan tarde, proxectos que quedan fóra e actuacións que xa non se poden realizar.

No caso das actuacións en monte conveniado (Capítulo VI), a situación repite o mesmo patrón.

Os fondos correspondentes ao exercicio 2024, por importe de 3 millóns de euros, están sendo licitados neste momento, sen que os distritos teñan aínda capacidade real para executalos nos prazos previstos.

Todo isto prodúcese nun contexto de saturación do sector, con empresas que xa están asumindo actuacións acumuladas, obras de emerxencia tras incendios e a retirada de madeira queimada, o que fai materialmente imposible cumprir cos prazos que agora se están a esixir.

E no ámbito da selvicultura, a situación é igualmente reveladora.

A Xunta habilitou 15 millóns de euros para 2026, pero a resposta do sector foi mínima: apenas 2 millóns solicitados, debido a unha orde mal deseñada, complexa e con erros advertidos e non corrixidos.

En definitiva, estamos ante unha política de prevención que chega tarde, execútase mal, non dimensiona adecuadamente os recursos e non responde á realidade do territorio.
E cando falla a prevención, o resultado xa o coñecemos: máis incendios, máis superficie queimada e máis custo público.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG DE PSOE

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que explicación dá a Xunta ao feito de que, dos 15 millóns de euros habilitados para a orde de selvicultura de 2026, só se solicitaran arredor de 2 millóns?
2. Ten previsto o Goberno galego modificar a orde de selvicultura para corrixir os erros detectados polo sector?
3. Como xustifica o Goberno galego que unha orde publicada en decembro de 2024 e convocada en xaneiro de 2025 non fose resolta ata febreiro de 2026?
4. Considera a Xunta viable executar en catro meses actuacións que inicialmente estaban previstas para un prazo de ata 17 meses?
5. Cantas actuacións aprobadas non poderán executarse por falta de tempo ou por teren quedado afectadas por incendios?
6. Cal é o importe total das solicitudes en materia preventiva denegadas exclusivamente por esgotamento do crédito dispoñible?
7. Por que non se convocaron as liñas de axudas en materia de prevención correspondentes ao exercicio 2026?
8. Que medidas vai adoptar a Xunta para garantir que os fondos públicos destinados á prevención se executen en prazo e con eficacia?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54425
Data envio: 01/04/2026 16:12:02.929

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/04/2026 16:09:58
Lara Méndez López na data 01/04/2026 16:10:05

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54425
Data envio: 01/04/2026 16:12:02.929

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 16:12:03**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a oferta formativa de Formación Profesional e de educación para persoas adultas en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Oleiros é un dos maiores concellos da comarca da Coruña, con case 40.000 habitantes, o segundo concello despois da cidade. Na actualidade, conta con tres Institutos de Educación Secundaria (María Casares, Neira Vilas e Miraflores), dos que só o IES María Casares conta con oferta de Formación Profesional, concretamente un Ciclo Formativo de Grao Básico de Electricidade e Electrónica. Dese xeito, o alumnado de Oleiros interesado nos ciclos formativos só conta cun ciclo básico en todo o concello, o que resulta insuficiente, e tamén rechamante tendo en conta a realidade deste concello.

Hai outros centros da comarca que ofertan outros tipos de estudos de Formación Profesional, incluídos ciclos medios e superiores, mais o funcionamento do transporte público non contribúe precisamente á mobilidade do alumnado.

Alén disto, en todo Oleiros tampouco existe na actualidade oferta para a Educación Secundaria para Adultos (ESA), feito que consideramos que é preciso corrixir, tendo en conta que tampouco existen en Oleiros estudos de Bacharelato ou ESO en horario nocturno.

A realidade dinámica de Oleiros fai preciso que se estude a situación do tecido empresarial da comarca, e da propia localidade, ademais das preferencias e necesidades

Asinado o día 01/04/2026 ás 16:31
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 01/04/2026 ás 16:31
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54428
Data envío: 01/04/2026 16:31:57.701

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

do alumnado, en colaboración cos centros de ensino, para poder implantar estudos de Formación Profesional adaptados á realidade laboral e educativa dun concello que continúa a medrar en poboación.

Tamén se fai preciso implantar estudos que permitan a educación de persoas adultas, sexa a través da inclusión da ESA ou da inclusión da oferta da ESO e do Bacharelato en horario nocturno.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o goberno galego a oferta educativa nos IES de Oleiros?

- Ten previsto o goberno galego levar a cabo algún estudo destinado a coñecer as necesidades formativas da poboación de Oleiros, en relación coa realidade laboral e do transporte na comarca?

- Ten previsto o goberno galego implantar novos estudos de Formación Profesional en Oleiros, adaptados á realidade laboral e demográfica do concello?

- Ten previsto o goberno galego implantar novos estudos de ESO e bacharelato destinados ás persoas adultas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54428
Data envio: 01/04/2026 16:31:57.701

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 16:31:26**

**Cristina Fernández Davila na data 01/04/2026 16:31:31**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54428
Data envio: 01/04/2026 16:31:57.701

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 16:31:58**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54437
Data envio: 01/04/2026 17:21:26.412

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:15
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:15
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia para resolver as deficiencias denunciadas no CEIP da Solaina de Narón?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54437
Data envio: 01/04/2026 17:21:26.412

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:15:40**
**Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:15:46**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54437
Data envio: 01/04/2026 17:21:26.412

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:21:27

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como "baños ancestrais", evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:15
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:15
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54440
Data envio: 01/04/2026 17:22:31.601

PSG DE PSOE

instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

En que prazo concreto prevé o Goberno galego acometer a rehabilitación dos aseos e demais instalacións do centro?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54440
Data envio: 01/04/2026 17:22:31.601

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:15:54**
**Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:15:59**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54440
Data envio: 01/04/2026 17:22:31.601

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:22:32**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:16
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:16
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que o estado actual das instalacións cumpre cos estándares mínimos de calidade e salubridade esixibles nun centro educativo público?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54443
Data envio: 01/04/2026 17:23:34.775

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:16:06**

**Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:16:13**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54443
Data envio: 01/04/2026 17:23:34.775

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:23:35**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 01/04/2 17:16 Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:16 Por Patricia Iglesias Rey

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:16 Por Aitor Bouza Manso

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que investimentos realizou a Xunta de Galicia neste centro educativo nos últimos dez anos e con que finalidade?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54446
Data envio: 01/04/2026 17:24:33.509

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:16:24**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/04/2026 17:16:31**

**Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:16:36**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54446
Data envio: 01/04/2026 17:24:33.509

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:24:34**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54447
Data envío: 01/04/2026 17:24:55.263

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como "baños ancestrais", evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:16
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:16
Por Aitor Bouza Manso

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54447
Data envio: 01/04/2026 17:24:55.263

instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que investimentos realizou a Xunta de Galicia neste centro educativo nos últimos dez anos e con que finalidade?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54447
Data envio: 01/04/2026 17:24:55.263

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:16:43**

**Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:16:48**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54447
Data envio: 01/04/2026 17:24:55.263

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:24:56**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54450
Data envío: 01/04/2026 17:25:45.436

PSG PSOE

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:17
Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:17
Por Patricia Iglesias Rey

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como "baños ancestrais", evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:16
Por Aitor Bouza Manso

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54450
Data envio: 01/04/2026 17:25:45.436

instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia para garantir a rehabilitación integral do CEIP da Solaina? En caso afirmativo, con que contía e en que exercicio orzamentario?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54450
Data envio: 01/04/2026 17:25:45.436

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:16:55**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/04/2026 17:17:01**

**Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:17:06**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54450
Data envio: 01/04/2026 17:25:45.436

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:25:46**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54451
Data envío: 01/04/2026 17:26:31.439

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como "baños ancestrais", evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:17
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 01/04/2026 ás 17:17
Por Aitor Bouza Manso



**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54451
Data envío: 01/04/2026 17:26:31.439

PSG DE PSOE

instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia para garantir a rehabilitación integral do CEIP da Solaina? En caso afirmativo, con que contía e en que exercicio orzamentario?

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54451
Data envio: 01/04/2026 17:26:31.439

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:17:14**

**Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:17:19**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54451
Data envio: 01/04/2026 17:26:31.439

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:26:32**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:35:58
Nº Rexistro: 54477
Data envío: 06/04/2026 09:35:58.796

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar polo Goberno galego para o mantemento e potenciamento das confrarías de pescadores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A perda de produtividade das rías galegas que se vén producindo de xeito paulatino dende hai anos, trouxo moitas consecuencias, sobre todo para o sector marisqueiro.

Non hai dúbida de que unha das máis graves é a perda de centos de postos de traballo ao longo do tempo e tamén a falla de remuda xeracional, debido á ausencia de medidas para reverter unha situación que xa se converteu en crónica e, polo tanto, á imposibilidade de poder vivir dignamente da actividade.

Mais a maiores, tamén se vén producindo unha perda de ingresos nas confrarías, sobre todo naquelas que dependen case en exclusiva da actividade marisqueira, que, á súa vez, vén repercutindo nos postos de traballo que delas viñan dependendo.

O impacto da perda de produtividade e da perda de ingresos xa o veñen arrastrando as confrarías dende os episodios de temporais de 2023 e agora, despois dos deste inverno, veuse agravado en moitos casos de xeito importante. De feito, moitos dos ERTEs levados a cabo no 2023 convértense agora en EREs e, con eles, a perda tamén de servizos que as confrarías veñen levando a cabo, case sempre en substitución



Asinado o día 06/04/2 09:34 Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 06/04/2026 ás 09:33 Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 06/04/2026 ás 09:33 Por Rosana Pérez Fernández
Por Paulo Ríos Santomé
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da propia administración, e as repercusións que todo isto ten sobre o propio desenvolvemento da actividade e a atención aos socios e socias das propias confrarías.

Chama a atención que despois da situación na que quedaron moitas das confrarías do país por mor dos temporais e as choivas de 2023, a administración non tivera tomado ningunha medida para contribuír á súa recuperación, por exemplo anticipando os importes das subvencións ás que tiveran dereito e evitando así que foran elas mesmas as que tiveran que seguir facendo fronte a uns gastos que lles resultaba cada vez máis difícil soportar, tamén aos de persoal, ata recibir -meses despois- os importes que lle correspondían.

Nos recentes anuncios de axudas feitos pola Consellaría de Mar para recuperar e rexenerar os bancos marisqueiros fálase de cubrir ás confrarías os gastos de xestión e determinados traballos e, aínda que polo momento non coñecemos os detalles, moitas delas xa as cualificaron publicamente de escasas e insuficientes.

O caso é que neste momento temos un número, que non podemos precisar, de confrarías no país nunha situación límite, que xa non poden desenvolver moitos dos cometidos que viñan desempeñando e que lles vai resultar imposíbel saír adiante sen a colaboración da administración que, de novo,  non está a amosar ningún interese por contribuír a evitar a súa desaparición.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación socioeconómica das confrarías de pescadores galegas?



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:35:58
Nº Rexistro: 54477
Data envio: 06/04/2026 09:35:58.796

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece neste momento cantas e cales estarían nunha situación extrema e practicamente imposíbel de soster e de manter a súa viabilidade? Se é así, a que número ascenden? Ten establecido algún tipo de diálogo con elas para coñecer os seus problemas e tratar de buscarlles unha solución?

. Que actuacións ten levado a cabo durante os últimos 3 anos para contribuír á recuperación da actividade e dos servizos que prestan as confrarías, nomeadamemente naqueles casos máis graves?

. Ten posto ou vai poñer en marcha algún tipo de medida extraordinaria, após os episodios continuados de choivas deste último inverno, para contribuír á recuperación económica e á normalización das actividades e servizos das confrarías, sobre todo daquelas que están nunha situación na que se pode ver comprometida a súa viabilidade? De ser así, cales?

. Vaise comprometer con medidas concretas e urxentes naqueles casos nos que se constate unha situación delicada? Cando e de que maneira?

. Aposta a Consellaría de Mar polo mantemento e potenciamento de todas as confrarías do país e por evitar que desapareza nin unha delas? De que xeito?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:35:58
Nº Rexistro: 54477
Data envio: 06/04/2026 09:35:58.796

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 9:33:49**

**Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 9:33:57**

**Daniel Castro García na data 06/04/2026 9:34:05**

**Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 9:34:13**

**Paulo Ríos Santomé na data 06/04/2026 9:34:22**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:35:58
Nº Rexistro: 54477
Data envio: 06/04/2026 09:35:58.796

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 9:36:00

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:27:02
Nº Rexistro: 54484
Data envio: 06/04/2026 10:27:02.975

Por Julio García Comesaña

Asinado o día 06/04/2
10:25
Por Cecilia Vázquez S

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Pomar Tojo, Patricia García González, Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera** e **Raúl Santamaría González,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A Xunta de Galicia continúa avanzando na súa aposta por modernizar e fortalecer a Formación Profesional como eixo estratéxico para o desenvolvemento económico e social do territorio. Neste marco, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP impulsou unha nova actuación no IES de Curtis, onde se investirán máis de 1,4 millóns de euros ao longo deste ano para ampliar e mellorar as instalacións destinadas á FP. Esta intervención forma parte do *Plan de nova arquitectura pedagóxica*, unha iniciativa que busca adaptar os centros educativos ás necesidades actuais de aprendizaxe, innovación e sustentabilidade.

Por José Luis Ferro Iglesias

Asinado o día 06/04/2026 ás
10:25
Por Patricia García González

A obra contempla a construción dunha nova nave de talleres de mecánica, máis ampla, eficiente e funcional, así como a rehabilitación do taller existente e diversas melloras enerxéticas no edificio principal. Estas actuacións permitirán dotar ao alumnado de FP de espazos máis modernos, seguros e adaptados ás esixencias tecnolóxicas dos sectores produtivos galegos. Ademais, a substitución da iluminación por sistemas LED e o cambio das caldeiras de gasóleo por biomasa reforzan o compromiso do centro coa eficiencia enerxética e a redución da pegada ecolóxica.

Con este investimento, que se suma á rehabilitación integral realizada en 2023, a Xunta supera os 2 millóns de euros destinados á mellora do IES de Curtis, consolidando o seu papel como referente na oferta de Formación Profesional na comarca e contribuíndo a formar perfís cualificados que respondan ás demandas do tecido empresarial galego.

Asinado o día 06/04/2026 ás
10:25
Por Carmen Pomar Tojo

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:27:02
Nº Rexistro: 54484
Data envio: 06/04/2026 10:27:02.975

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como reforza a ampliación e modernización do IES de Curtis —con máis de 2 millóns de euros investidos pola Xunta— o papel da Formación Profesional en Galicia como motor de innovación, sustentabilidade e oportunidades de emprego cualificado? E como repercute, especificamente, nesta comarca?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 06/04/2026 10:25:17**
**Patricia García González na data 06/04/2026 10:25:29**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 06/04/2026 10:25:41**
**Víctor Baladrón Lamas na data 06/04/2026 10:25:53**
**José Luis Ferro Iglesias na data 06/04/2026 10:26:05**
**Julio García Comesaña na data 06/04/2026 10:26:15**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 06/04/2026 10:26:27**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 06/04/2026 10:26:37**
**Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 10:26:49**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:27:02
Nº Rexistro: 54484
Data envio: 06/04/2026 10:27:02.975

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:27:03**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Por Nicole Grueira Fernández
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:38:20
Nº Rexistro: 54486
Data envío: 06/04/2026 10:38:20.842

Asinado o día 06/04/2
10:36
Por Raquel Arias Rod
Asinado o día 06/04/2026 ás 10:36
Por María Encarnación Amigo
Díaz
Asinado o día 06/04/2026 ás
10:36
Por Noelia Pérez López

**Á Mesa do Parlamento**

**Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O desenvolvemento de infraestruturas sanitarias modernas, eficientes e adaptadas ás necesidades actuais da poboación constitúe unha prioridade na planificación dos servizos públicos, que queda refrendado na folla de ruta do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria que recolle a posta en marcha de 37 novos centros de saúde e a ampliación ou reforma en 14 xa existentes, especialmente, nun contexto marcado polo envellecemento demográfico, o incremento da cronicidade e a necesidade de reforzar a atención primaria e a atención comunitaria.

Neste sentido, a Xunta de Galicia vén impulsando diferentes actuacións orientadas á mellora, modernización e reorganización da rede sanitaria, co obxectivo de ofrecer unha atención máis accesible, resolutiva e de maior calidade, achegando os servizos á cidadanía e optimizando os recursos dispoñibles. Este tipo de actuacións responden a unha lóxica de planificación estratéxica, na que resulta esencial garantir a coordinación entre niveis asistenciais, a adecuación dos espazos sanitarios e a incorporación de novos modelos organizativos.

Dentro desta liña de actuación, o proxecto do Centro Integral de Saúde de Ourense representa un investimento relevante para a cidade das burgas, chamado a reforzar a atención sanitaria, mellorar a capacidade asistencial e dar resposta ás demandas actuais tanto de pacientes como de profesionais.

Os plans e programas de actuación pública, como os impulsados pola propia Administración autonómica, teñen precisamente como finalidade mellorar a calidade dos servizos, aumentar a eficiencia na xestión dos recursos e avanzar cara

a unha Administración máis próxima, moderna e orientada ás necesidades reais da cidadanía, incorporando criterios de planificación, coordinación e avaliación continua.

Porén, as recentes informacións relativas á paralización do proceso administrativo da licitación da actuación, no marco dun proceso xudicial en curso, introducen un elemento de incerteza que cómpre despexar.

Resulta fundamental que este tipo de actuacións se leven a cabo con todas as garantías xurídicas, pero tamén cunha planificación clara que permita evitar atrasos innecesarios na execución dunha infraestrutura clave para a cidade.

Por todo iso, e desde a vontade de ofrecer certeza á cidadanía de Ourense, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a situación actual do proxecto do Centro Integral de Saúde de Ourense e que previsións manexa a Xunta de Galicia para garantir a súa execución con todas as garantías xurídicas?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:38:20
Nº Rexistro: 54486
Data envio: 06/04/2026 10:38:20.842

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 06/04/2026 10:36:35
María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2026 10:36:46
Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2026 10:36:59
Víctor Baladrón Lamas na data 06/04/2026 10:37:13
Nicole Grueira Fernández na data 06/04/2026 10:37:25
Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 10:37:34
Argimiro Marnotes Fernández na data 06/04/2026 10:37:45
Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 10:37:55
Cecilia Vázquez Suárez na data 06/04/2026 10:38:06

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:38:20
Nº Rexistro: 54486
Data envio: 06/04/2026 10:38:20.842

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:38:21

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:39:54
Nº Rexistro: 54488
Data envio: 06/04/2026 10:39:54.309

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 06/04/2 10:38
Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 06/04/2026 ás 10:38
Por Saleta Chao Rivas
Asinado o día 06/04/2026 ás 10:37
Por Rosana Pérez Fernández

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Saleta Chao Rivas, Luis Bará Torres** e **Oscar Insua Lema**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao aproveitamento das potencialidades da planta de tratamento de residuos de Lousame e ao mantemento dos seus postos de traballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai que velar polo emprego e pola viabilidade da planta de Servia, aínda que se envíe o lixo a Sogama", dicía o alcalde de Porto do Son, Luís Oujo, hai menos dun ano. "Debemos velar pola viabilidade dunha planta que ten unhas licencias ambientais moi difíciles de lograr", engadía o rexedor de Carnota, Juan Manuel Saborido. "A planta é viable", sinalaba a alcaldesa de Muros, María Lago. "Hai moitas posibilidades", sostiña tamén Ángel Brantuas, presidente do comité de empresa.

Representantes do PP, do PSdeG, do BNG e do cadro de persoal coincidían, aínda que con moitos matices, en que a planta de Servia, en Lousame, é un activo moi importante a preservar, un complexo viable e con posibilidades. Mais isto só é posible no caso de que haxa vontade por parte das administracións e, nomeadamente, da Xunta de Galiza, que ata o de agora está facendo o que xa fixo durante as últimas décadas, que é dar as costas, e mesmo dificultar, calquera posibilidade de alternativa a Sogama.

Ante unha situación de emerxencia da planta de Servia logo da colmatación do vertedoiro, e diante do monopolio orquestrado de Sogama para converter Cerceda na única alternativa dos concellos, a Xunta da Galiza tiña dúas opcións. A primeira era



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:39:54
Nº Rexistro: 54488
Data envio: 06/04/2026 10:39:54.309

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

considerar Servia un activo para este país, colaborando na modernización da planta para descentralizar a xestión dos residuos, aproveitando o capital humano e aceptando o rexeite resultante do tratamento en Cerceda; mentres que a segunda opción era aproveitar o monopolio de Sogama para lanzar un órdago, ou a integración total ou nada.

A opción escollida pola Xunta da Galiza foi a segunda, forzar á Mancomunidade Serra do Barbanza a abandonar a planta de Servia a través dunha chantaxe, sen importar as decenas de familias que dependen dos postos de traballo e sen importar a existencia dun complexo con licencias que podería ser a primeira pedra dun novo modelo de xestión dos residuos no país.

Mais dende o BNG consideramos que aínda estamos en tempo de que esta opción escollida sexa mudada por unha máis responsable. Lousame podería ser un primeiro paso de cara a un sistema de xestión de residuos centrado na redución e a compostaxe de materia orgánica como contraposición ao modelo de Sogama, que incinera a metade dos residuos e non chega a recuperar unha décima parte a través da reciclaxe.

Un novo modelo baseado na redución de residuos en orixe, a recollida selectiva, a reutilización, a reciclaxe e o compostaxe a través de plantas achegadas ao territorio e que xeren emprego é a aposta que precisa este país, para ser máis eficientes, para crear emprego sostible e para cumprir as nosas responsabilidades medioambientais, e isto é o que se podería, e aínda se pode, ter feito a través da colaboración entre o Goberno galego e Mancomunidade en Lousame.

Hai consenso social para isto, hai unha planta viable que foi abandonada e hai decenas de postos de traballo en risco. Refrotar a planta de Servia, en Lousame, require de cooperación entre institucións, e require tamén dun plan para facelo. Un plan que ten que artellar o desenvolvemento de todas as potencialidades do complexo



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:39:54
Nº Rexistro: 54488
Data envio: 06/04/2026 10:39:54.309

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medioambiental, e definir os investimentos necesarios para adaptar e modernizar esta planta ás novas encomendas que se lle confiran, aproveitando o capital humano existente e mesmo xerando novos empregos na comarca.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da súa propia posición mantida nos últimos anos respecto da planta de reciclaxe de Servia, en Lousame?

. Cais foron as súas actuacións diante da situación de emerxencia da planta logo da colmatación do vertedoiro?

. Por que motivo non colaborou en ningún momento coa modernización da planta de Servia?

. Considera que as instalacións de Servia continúan a ser un activo e que ofrecen posibilidades para descentralizar a xestión dos residuos? De ser así, vai colaborar coa súa modernización?

. Está disposto a entablar un diálogo coa Mancomunidade, que permita manter esas instalacións e os postos de traballo que agora están en risco?

. Considera que, tendo en conta o contexto sociolaboral existente na comarca de Muros e Noia, debera volcarse no mantemento dos postos de traballo da planta de Servia e na busca de alternativas para evitar o seu peche definitivo? De ser así, está disposto a facer unha planificación de investimentos que permitan adaptala e modernizala, xunto coa Mancomunidade Serra do Barbanza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:39:54
Nº Rexistro: 54488
Data envio: 06/04/2026 10:39:54.309

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 10:37:48**

**Saleta Chao Rivas na data 06/04/2026 10:38:07**

**Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 10:38:13**

**Luis Bará Torres na data 06/04/2026 10:38:20**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:39:54
Nº Rexistro: 54488
Data envio: 06/04/2026 10:39:54.309

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:39:55**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Gayoso

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:46:06
Nº Rexistro: 54492
Data envio: 06/04/2026 10:46:06.125

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:39
Por Roberto Rodríguez Martínez

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Pomar Tojo, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

**Exposición de motivos**

A Xunta de Galicia reafirmou o seu compromiso co acceso á vivenda ao presentar as bases do II Pacto de Vivenda de Galicia 2026 2030, un instrumento que nace coa vontade de consolidar un modelo residencial máis xusto, sustentable e adaptado ás necesidades reais da cidadanía. Este novo pacto non é un simple relevo do anterior, senón a evolución natural dun traballo colectivo que demostrou ser eficaz e transformador.

Nun contexto no que o acceso a unha vivenda digna se converteu e unha das principais preocupacións sociais do goberno galego, a Xunta foi quen de impulsar en apenas ano e medio 3.000 novas vivendas de promoción pública, grazas en gran parte á colaboración cos concellos. Esa dinámica de cooperación será tamén a base do novo pacto.

O II Pacto de Vivenda 2026 2030 preséntase como unha folla de ruta ambiciosa, articulada en catro grandes eixes estratéxicos que abranguen desde o acceso á vivenda ata a rexeneración urbana, pasando pola mobilización de solo residencial e a incorporación de novas medidas que respondan á realidade actual do mercado. O documento inclúe ademais un anexo específico dedicado á mocidade, un dos colectivos con maiores dificultades para emanciparse, reforzando así a aposta pola vivenda protexida e por políticas que faciliten o acceso a quen máis o precisa.

O novo pacto incorpora medidas “valentes”, orientadas a incentivar a construción de vivenda protexida, axilizar trámites, mobilizar vivenda baleira e fortalecer a cooperación entre administracións. Todo iso cun obxectivo claro: avanzar cara a un modelo residencial sustentable, inclusivo e equilibrado, que contribúa ao asentamento poboacional e á cohesión territorial, e que siga consolidando Galicia como referente en políticas públicas de vivenda, “seguindo a estela de Galicia Calidade”.

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:39
Por Moisés Rodríguez Pérez
Asinado o día 06/04/2026 ás 10:38
Por Carmen Pomar Tojo
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

O novo pacto, en definitiva, preséntase como unha aposta decidida por garantir que o dereito á vivenda sexa unha realidade para todos os galegos, reforzando un modelo que xa demostrou a súa capacidade para transformar o territorio e mellorar a vida de miles de familias.

Aposta pola vivenda pública na área de Compostela

Na área de Compostela, a aposta da Xunta por ampliar o parque público de vivenda está a materializarse en proxectos concretos que avanzan con paso firme e que reflicten a vontade de dar respostas reais ás necesidades residenciais da cidadanía. Cada un destes municipios está a ser parte activa dunha estratexia compartida que combina investimento, planificación e colaboración institucional.

En Ames, a transformación xa está en marcha. Na contorna do Milladoiro e da rúa Agriños estanse desenvolvendo 218 vivendas de promoción pública, distribuídas en dúas actuacións —unha de 140 e outra de 78 vivendas— que contan con licitacións previstas entre finais de 2025 e comezos de 2026. Trátase dunha das maiores operacións de vivenda pública da área metropolitana, que permitirá reforzar a oferta nun dos municipios con maior crecemento demográfico de Galicia.

En Teo, a colaboración entre a Xunta e o Concello está a permitir impulsar a construción de 37 vivendas públicas na Ramallosa, cun investimento estimado de 8,8 millóns de euros, tal e como recollía recentemente a prensa local. A esta actuación súmanse outras promocións xestionadas na rúa Cernadelo, na zona de Galanas, que contribúen a diversificar a oferta e a consolidar un modelo de crecemento ordenado e accesible.

Pola súa banda, en Santiago de Compostela, a cooperación institucional está a brilar pola súa ausencia, dada a nula colaboración desta entidade para avanzar na obtención de solo e na posta en marcha de novas promocións.

Así as cousas, a Xunta de Galicia mantén un firme compromiso coa promoción de vivenda pública en Santiago de Compostela, no que están en marcha 400 fogares en diferentes fases de execución, redacción ou licitación. Este mesmo ano está prevista a entrega de 60 vivendas públicas nas zonas de Lamas de Abade e O Castiñeiriño, actuación que permitirá incrementar de maneira inmediata a oferta de vivenda protexida na cidade.

A Xunta, ademais, está a impulsar unha das intervencións urbanísticas máis relevantes previstas para o futuro da cidade. Trátase do Proxecto de Interese Autonómico no ámbito de Mallou, no que se prevé o desenvolvemento de solo que poderá acoller arredor de 3.460 vivendas ao norte de Santiago de Compostela.



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En conxunto, estas actuacións amosan que a política de vivenda da Xunta non queda nos grandes anuncios, senón que se traduce en proxectos concretos, investimentos reais e solucións que comezan a tomar forma sobre o territorio. Ames, Teo e Santiago avanzan así nunha mesma dirección: garantir que o acceso a unha vivenda digna e accesible sexa unha realidade para as familias da área de Compostela, fortalecendo un modelo de desenvolvemento equilibrado e sustentable.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cal é a situación actual dos avances en materia de vivenda pública nos concellos de Ames, Teo e Santiago?

2. En que punto se atopan os proxectos que a Xunta está a impulsar en cada un deles?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:46:06
Nº Rexistro: 54492
Data envio: 06/04/2026 10:46:06.125

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 06/04/2026 10:38:44**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 06/04/2026 10:39:24**
**Roberto Rodríguez Martínez na data 06/04/2026 10:39:58**
**José Luis Ferro Iglesias na data 06/04/2026 10:40:54**
**María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 10:42:32**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 10:43:14**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 06/04/2026 10:44:02**
**Gonzalo Trenor López na data 06/04/2026 10:44:32**
**Katherinie Varela Fernández na data 06/04/2026 10:45:09**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:46:06
Nº Rexistro: 54492
Data envio: 06/04/2026 10:46:06.125

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:46:08**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:55:15
Nº Rexistro: 54497
Data envio: 06/04/2026 10:55:15.849

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A diabetes tipo 1 é unha enfermidade crónica que require un control permanente e un tratamento intensivo ao longo de toda a vida, especialmente complexo no caso de nenos e nenas. Esta circunstancia obriga ás familias a asumir un nivel elevado de coidados, supervisión e atención diaria, cun impacto directo na súa vida persoal, social e laboral.

No ámbito educativo, esta realidade adquire unha dimensión específica no caso do profesorado ao servizo da Xunta de Galicia, que debe compatibilizar o exercicio das súas funcións docentes co coidado de fillos e fillas con enfermidades graves. A lexislación vixente recoñece o dereito á redución de xornada laboral nestes supostos como medida fundamental de conciliación e protección social.

Porén, están a detectarse casos nos que este dereito non se aplica de maneira efectiva no ámbito do profesorado, producíndose demoras, interpretacións restritivas ou mesmo denegacións que non se axustan ao espírito da normativa vixente. Esta situación xera unha grave indefensión para as familias afectadas e supón unha vulneración dos seus dereitos, ao tempo que dificulta a adecuada atención dos menores con enfermidades crónicas.

Ademais, a falta de criterios claros e homoxéneos na aplicación destas medidas no ámbito educativo evidencia a necesidade de reforzar os mecanismos de

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:52
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:55:15
Nº Rexistro: 54497
Data envío: 06/04/2026 10:55:15.849

garantía, coordinación e información dentro da propia Administración autonómica, especialmente nun sector tan sensible como o educativo, no que tamén debe ser exemplar o cumprimento dos dereitos laborais e sociais.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia adopte as medidas necesarias para asegurar o cumprimento efectivo da normativa e garantir que o profesorado poida exercer plenamente os seus dereitos de conciliación sen obstáculos nin interpretacións restritivas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está a Xunta de Galicia a garantir o cumprimento efectivo da lexislación vixente en materia de redución da xornada laboral por coidado de fillos e fillas con enfermidades graves no ámbito do profesorado?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:55:15
Nº Rexistro: 54497
Data envio: 06/04/2026 10:55:15.849

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 10:52:28**

**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 10:52:34**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:55:15
Nº Rexistro: 54497
Data envio: 06/04/2026 10:55:15.849

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:55:16**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:56:09
Nº Rexistro: 54500
Data envío: 06/04/2026 10:56:09.278

PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A diabetes tipo 1 é unha enfermidade crónica que require un control permanente e un tratamento intensivo ao longo de toda a vida, especialmente complexo no caso de nenos e nenas. Esta circunstancia obriga ás familias a asumir un nivel elevado de coidados, supervisión e atención diaria, cun impacto directo na súa vida persoal, social e laboral.

No ámbito educativo, esta realidade adquire unha dimensión específica no caso do profesorado ao servizo da Xunta de Galicia, que debe compatibilizar o exercicio das súas funcións docentes co coidado de fillos e fillas con enfermidades graves. A lexislación vixente recoñece o dereito á redución de xornada laboral nestes supostos como medida fundamental de conciliación e protección social.

Porén, están a detectarse casos nos que este dereito non se aplica de maneira efectiva no ámbito do profesorado, producíndose demoras, interpretacións restritivas ou mesmo denegacións que non se axustan ao espírito da normativa vixente. Esta situación xera unha grave indefensión para as familias afectadas e supón unha vulneración dos seus dereitos, ao tempo que dificulta a adecuada atención dos menores con enfermidades crónicas.

Ademais, a falta de criterios claros e homoxéneos na aplicación destas medidas no ámbito educativo evidencia a necesidade de reforzar os mecanismos de

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:52
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:56:09
Nº Rexistro: 54500
Data envio: 06/04/2026 10:56:09.278

garantía, coordinación e información dentro da propia Administración autonómica, especialmente nun sector tan sensible como o educativo, no que tamén debe ser exemplar o cumprimento dos dereitos laborais e sociais.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia adopte as medidas necesarias para asegurar o cumprimento efectivo da normativa e garantir que o profesorado poida exercer plenamente os seus dereitos de conciliación sen obstáculos nin interpretacións restritivas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cantas solicitudes de redución de xornada por este motivo foron presentadas polo profesorado galego nos últimos cinco anos e cal foi o seu resultado?
2. Que criterios está a aplicar a Xunta de Galicia para resolver estas solicitudes e existen instrucións internas ao respecto?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:56:09
Nº Rexistro: 54500
Data envio: 06/04/2026 10:56:09.278

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 10:52:42**

**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 10:52:47**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:56:09
Nº Rexistro: 54500
Data envio: 06/04/2026 10:56:09.278

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:56:10**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:56:53
Nº Rexistro: 54503
Data envio: 06/04/2026 10:56:53.411

PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A diabetes tipo 1 é unha enfermidade crónica que require un control permanente e un tratamento intensivo ao longo de toda a vida, especialmente complexo no caso de nenos e nenas. Esta circunstancia obriga ás familias a asumir un nivel elevado de coidados, supervisión e atención diaria, cun impacto directo na súa vida persoal, social e laboral.

No ámbito educativo, esta realidade adquire unha dimensión específica no caso do profesorado ao servizo da Xunta de Galicia, que debe compatibilizar o exercicio das súas funcións docentes co coidado de fillos e fillas con enfermidades graves. A lexislación vixente recoñece o dereito á redución de xornada laboral nestes supostos como medida fundamental de conciliación e protección social.

Porén, están a detectarse casos nos que este dereito non se aplica de maneira efectiva no ámbito do profesorado, producíndose demoras, interpretacións restritivas ou mesmo denegacións que non se axustan ao espírito da normativa vixente. Esta situación xera unha grave indefensión para as familias afectadas e supón unha vulneración dos seus dereitos, ao tempo que dificulta a adecuada atención dos menores con enfermidades crónicas.

Ademais, a falta de criterios claros e homoxéneos na aplicación destas medidas no ámbito educativo evidencia a necesidade de reforzar os mecanismos de

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:53
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:52
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

garantía, coordinación e información dentro da propia Administración autonómica, especialmente nun sector tan sensible como o educativo, no que tamén debe ser exemplar o cumprimento dos dereitos laborais e sociais.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia adopte as medidas necesarias para asegurar o cumprimento efectivo da normativa e garantir que o profesorado poida exercer plenamente os seus dereitos de conciliación sen obstáculos nin interpretacións restritivas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para evitar situacións de demora, denegación ou interpretación restritiva deste dereito no ámbito educativo?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:56:53
Nº Rexistro: 54503
Data envio: 06/04/2026 10:56:53.411

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 10:52:55**

**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 10:53:01**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:56:54**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:01:36
Nº Rexistro: 54505
Data envio: 06/04/2026 11:01:36.147

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Nicole Grueira Fernández

Asinado o día 06/04/2
Por María Encarnació
Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Roberto Rodríguez Martínez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Monte Mero é unha zona da periferia da cidade Coruña que ata hai uns meses era unha gran descoñecida para moitos coruñeses, pero que agora se perfila como o gran barrio que se desenvolverá nun futuro próximo.

A Xunta de Galicia está a tramitar a súa configuración a través da figura do proxecto de interese autonómico e xa se adiantou que contará con máis de 4.000 vivendas, un gran parque, novas rúas e varias parcelas reservadas a usos terciarios e outras para equipamentos.

Asemade, a Xunta ten previsto construír un centro de saúde nunha parcela de algo máis de 3.500 $m^2$. A localización elixida atende a un carácter estratéxico pola súa proximidade aos barrios de Xuxán e Monte Mero, ademais de situarse nun punto no que se conectarán ambos e do que sairá a rúa principal que atravesará o novo barrio ata o barrio Pedralonga.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- En que consistirá o proxecto de contrución do novo centro de saúde que se situará entre os barrios de Xuxán e Monte Mero na cidade da Coruña?

2.- Que investimento vai a realizar a Xunta de Galicia?

3.- Beneficiarase a cidadanía da Coruña deste proxecto? De que forma?

Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:59
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 06/04/2026 ás 10:59
Por María Nazaret Cendán Gayoso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:01:36
Nº Rexistro: 54505
Data envio: 06/04/2026 11:01:36.147

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:01:36
Nº Rexistro: 54505
Data envio: 06/04/2026 11:01:36.147

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 10:59:27
Roberto Rodríguez Martínez na data 06/04/2026 10:59:37
María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2026 10:59:48
Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2026 11:00:00
Víctor Baladrón Lamas na data 06/04/2026 11:00:11
Nicole Grueira Fernández na data 06/04/2026 11:00:25
Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 11:00:34
Argimiro Marnotes Fernández na data 06/04/2026 11:00:47
Noelia Pérez López na data 06/04/2026 11:00:58
Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 11:01:10
Cecilia Vázquez Suárez na data 06/04/2026 11:01:22

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:01:36
Nº Rexistro: 54505
Data envio: 06/04/2026 11:01:36.147

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:01:37

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:07:41
Nº Rexistro: 54507
Data envio: 06/04/2026 11:07:41.585



Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 06/04/2
Por María Encarnació Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Roberto Rodríguez Martínez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Monte Mero é unha zona da periferia da cidade Coruña que ata hai uns meses era unha gran descoñecida para moitos coruñeses, pero que agora se perfila como o gran barrio que se desenvolverá nun futuro próximo.

A Xunta de Galicia ten previsto construír un centro de saúde nunha parcela de algo máis de 3.500 $m^2$. A localización elixida atende a un carácter estratéxico pola súa proximidade aos barrios de Xuxán e Monte Mero, ademais de situarse nun punto no que se conectarán ambos e do que sairá a rúa principal que atravesará o novo barrio ata o barrio Pedralonga.

Pero este centro de saúde non será o próximo que verá a luz na cidade, xa que para o ano 2027 está prevista a apertura do de Santa Lucía. Aínda que será unha infraestrutura nova que se situará en parte do lugar no que estaba o antigo mercado do barrio da Falperra —, este está a facerse para substituír ao que estaba ubicado na rúa Federico Tapia.

Trátase dunha infraestrutura que chegará coa intención de dar resposta ao crecemento da cidade, como sucedera anteriormente no barrio de Matogrande, e como pasará no futuro cos barrios de Monte Mero e Xuxán.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:05
Por Roberto Rodríguez Martínez
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:05
Por María Nazaret Cendán Gayoso
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:07:41
Nº Rexistro: 54507
Data envio: 06/04/2026 11:07:41.585

Que balance fai a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento de infraestruturas sanitarias de atención primaria na cidade da Coruña nos últimos anos, así como sobre as xestións realizadas polo Concello da Coruña para materializar estes proxectos?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:07:41
Nº Rexistro: 54507
Data envio: 06/04/2026 11:07:41.585

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 11:05:40
Roberto Rodríguez Martínez na data 06/04/2026 11:05:48
María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2026 11:05:59
Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2026 11:06:09
Víctor Baladrón Lamas na data 06/04/2026 11:06:21
Nicole Grueira Fernández na data 06/04/2026 11:06:34
Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 11:06:43
Argimiro Marnotes Fernández na data 06/04/2026 11:06:54
Noelia Pérez López na data 06/04/2026 11:07:05
Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 11:07:16
Cecilia Vázquez Suárez na data 06/04/2026 11:07:27

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:07:41
Nº Rexistro: 54507
Data envio: 06/04/2026 11:07:41.585

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:07:42**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:15:35
Nº Rexistro: 54509
Data envio: 06/04/2026 11:15:35.686

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 06/04/20
Por María Magdalena F
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O Consello da Xunta do 9 de marzo deu conta do convenio de colaboración que rexe a elaboración dun estudo de avaliación do estado das poboacións de zamburiña na ría de Ferrol para a súa conservación e xestión sustentable; xa que nesta ría sitúase o banco marisqueiro deste recurso máis destacado de Galicia e, en consecuencia, este bivalvo é un dos principais recursos da actividade marisqueira da zona.

Por Patricia García González
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Miguel Fidalgo Iglesias

No marco de Redemar, a Consellería do Mar impulsa esta actuación e a promove en colaboración coa Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo (IIM).

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Por que a Consellería do Mar asina este convenio específico coa Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo (IIM)?

2.- Cal é o obxecto deste convenio? Que tipo de accións recolle?

3.- A canto ascende o importe desta colaboración?

4.- Cal é o destinatario último da posta en marcha das accións recollidas no convenio? Que repercusións terá sobre a cidadanía a execución destas accións? Beneficiarase o sector marítimo-pesqueiro? De que forma?

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:13
Por María Nazaret Cendán Gayoso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:15:35
Nº Rexistro: 54509
Data envio: 06/04/2026 11:15:35.686

**Asinado dixitalmente por:**

**María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 11:13:53**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/04/2026 11:14:03**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 06/04/2026 11:14:10**
**Jesús María Fernández Rosende na data 06/04/2026 11:14:21**
**Patricia García González na data 06/04/2026 11:14:34**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 11:14:43**
**Paula Mouzo Mas na data 06/04/2026 11:14:56**
**Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 11:15:08**
**Manuel Santos Costa na data 06/04/2026 11:15:22**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:15:35
Nº Rexistro: 54509
Data envio: 06/04/2026 11:15:35.686

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:15:36

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:19:36
Nº Rexistro: 54517
Data envío: 06/04/2026 11:19:36.245

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa reposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:13
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:13
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que “de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar”. Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria “priorizarase a ensinanza de maneira analóxica” e recomenda “o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas… fóra do horario escolar)”, así como indica que “a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso” e debe contar cun aval científico que garanta que “non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual”.

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:19:36
Nº Rexistro: 54517
Data envío: 06/04/2026 11:19:36.245

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que “canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais”, e indica tamén que “un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña”.

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students' learning* (2025), sinala que “a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo” e que “una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas”, o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PSG DE PSOE

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que o actual modelo híbrido de E-Dixgal garante o cumprimento das recomendacións da comunidade científica e pediátrica sobre o tempo máximo de uso de pantallas en idade escolar?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:19:36
Nº Rexistro: 54517
Data envio: 06/04/2026 11:19:36.245

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:13:46**
**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:13:52**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:19:36
Nº Rexistro: 54517
Data envio: 06/04/2026 11:19:36.245

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:19:36

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:20:31
Nº Rexistro: 54521
Data envio: 06/04/2026 11:20:31.268

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 06/04/20 Por María Magdalena F Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A Xunta de Galicia considera clave ofrecer unha formación flexible e adaptada á realidade do tecido produtivo para promover a remuda xeracional en sectores como o marítimo-pesqueiro.

Neste eido, a rede autonómica de formación náutico-pesqueira está formada por tres escolas situadas estratexicamente en Vigo, Ribeira, Ferrol, ao que hai que sumarlle o Instituto Galego de Formación en Acuicultura, na Illa de Arousa; catro centros de vangarda desde os que se imparte unha formación especializada.

Asemade, e co fin de facilitar o acceso á formación, a Consellería do Mar tramitou unha orde pola que se simplifican os trámites para a obtención das titulacións que serven de porta de entrada ao mar.

Como novidade, cómpre destacar o impulso dunha liña de axudas para apoiar a formación práctica dos estudantes a bordo dos buques, dirixida a compensar os gastos dos armadores que colaboren acollendo aos estudantes dos ciclos formativos náutico-pesqueiros, facilitándolles o primeiro e transcendental contacto co mar.

Nesta liña de asegurar o futuro humano do sector, ten tamén o seu espazo o emprendemento marítimo, a través da convocatoria de apoios para aqueles tripulantes que desexen adquirir o seu primeiro barco pesqueiro.

Por Patricia García González
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:19 Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:18 Por María Nazaret Cendán Gayoso
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

E, por último, hai que mencionar ás confrarías de pescadores e ás organizacións de produtores, que tamén xogan un papel relevante, ás que se destinan unhas axudas específicas para a formación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Cales son as liñas de traballo postas en marcha no eido de formación pola Consellería do Mar para asegurar o relevo xeracional no sector marítimo-pesqueiro?

2.- De que recursos humanos e materiais dispón a Consellería do Mar para realizar o seu labor de capacitación e formación marítimo-pesqueira? De que orzamento dispuxo no ano 2025 e de que orzamento disporá no ano 2026 para este cometido?

3.- Cal é o destinatario último da posta en marcha das diversas liñas de traballo no eido da formación? Que repercusións terá sobre o sector marítimo-pesqueiro? E sobre a cidadanía?

4.- Contribúe esta actuación á aplicación da Política Pesqueira Común e da política marítima da Unión Europea? De que forma?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:20:31
Nº Rexistro: 54521
Data envio: 06/04/2026 11:20:31.268

**Asinado dixitalmente por:**

**María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 11:18:57**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/04/2026 11:19:06**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 06/04/2026 11:19:14**
**Jesús María Fernández Rosende na data 06/04/2026 11:19:25**
**Patricia García González na data 06/04/2026 11:19:34**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 11:19:43**
**Paula Mouzo Mas na data 06/04/2026 11:19:55**
**Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 11:20:07**
**Manuel Santos Costa na data 06/04/2026 11:20:19**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:20:32**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:20:40
Nº Rexistro: 54522
Data envio: 06/04/2026 11:20:40.915

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PSG DE PSOE

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que "de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar". Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria "priorizarase a ensinanza de maneira analóxica" e recomenda "o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas… fóra do horario escolar)", así como indica que "a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso" e debe contar cun aval científico que garanta que "non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual".

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que “canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais”, e indica tamén que “un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña”.

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students’ learning* (2025), sinala que “a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo” e que “una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas”, o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:20:40
Nº Rexistro: 54522
Data envío: 06/04/2026 11:20:40.915

PSG DE PSOE

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que criterios pedagóxicos e científicos está a empregar o Goberno galego para determinar o nivel de exposición ás pantallas no programa E-Dixgal?
2. Ten avaliado o Goberno galego o tempo total de exposición ás pantallas do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, incluíndo o uso dentro e fóra do horario lectivo?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:20:40
Nº Rexistro: 54522
Data envio: 06/04/2026 11:20:40.915

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:14:00**
**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:14:07**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:20:40
Nº Rexistro: 54522
Data envio: 06/04/2026 11:20:40.915

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:20:41**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:22:21
Nº Rexistro: 54526
Data envio: 06/04/2026 11:22:21.797

PSG de PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:22:21
Nº Rexistro: 54526
Data envío: 06/04/2026 11:22:21.797

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que "de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar". Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria "priorizarase a ensinanza de maneira analóxica" e recomenda "o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas… fóra do horario escolar)", así como indica que "a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso" e debe contar cun aval científico que garanta que "non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual".

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:22:21
Nº Rexistro: 54526
Data envío: 06/04/2026 11:22:21.797

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que “canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais”, e indica tamén que “un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña”.

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students’ learning* (2025), sinala que “a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo” e que “una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas”, o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PSG DE PSOE

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:22:21
Nº Rexistro: 54526
Data envio: 06/04/2026 11:22:21.797

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que o modelo actual de E-Dixgal contribúe a reducir ou, pola contra, a aumentar as desigualdades educativas derivadas do contexto sociofamiliar?
2. Pode garantir a Xunta de Galicia que a implantación do modelo híbrido non está a supoñer un incremento de custos para as familias galegas?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:22:21
Nº Rexistro: 54526
Data envio: 06/04/2026 11:22:21.797

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:14:20**
**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:14:25**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:22:21
Nº Rexistro: 54526
Data envío: 06/04/2026 11:22:21.797

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:22:22**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:23:36
Nº Rexistro: 54531
Data envío: 06/04/2026 11:23:36.395

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que “de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar”. Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria “priorizarase a ensinanza de maneira analóxica” e recomenda “o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas… fóra do horario escolar)”, así como indica que “a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso” e debe contar cun aval científico que garanta que “non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual”.

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que "canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais", e indica tamén que "un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña".

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students' learning* (2025), sinala que "a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo" e que "una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas", o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:23:36
Nº Rexistro: 54531
Data envio: 06/04/2026 11:23:36.395

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir que a introdución da tecnoloxía nas aulas se basee nunha estratexia pedagóxica sólida e non na simple substitución do libro en papel por soporte dixital?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:23:36
Nº Rexistro: 54531
Data envio: 06/04/2026 11:23:36.395

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:14:34**

**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:14:40**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:23:36
Nº Rexistro: 54531
Data envio: 06/04/2026 11:23:36.395

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:23:37**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:25:54
Nº Rexistro: 54534
Data envío: 06/04/2026 11:25:54.080

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 06/04/20
Por María Magdalena F
Millares

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A Consellería do Mar presentou recentemente no porto de Muxía o proxecto de renovación integral dos pavimentos de madeira nos pantaláns destinados aos profesionais da pesca, co obxectivo de reforzar a resistencia ante condicións adversas.

Trátase dunha actuación, a día de hoxe en licitación, enmarcada nun contrato global para unha decena de portos autonómicos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- En que consistirá o proxecto de renovación integral dos pavimentos de madeira nos pantaláns dos portos que xestiona Portos de Galicia?

2.- Que investimento vai a realizar Portos de Galicia e en que portos se vai actuar?

3.- Beneficiarase o sector marítimo-pesqueiro deste proxecto? De que forma? Que repercusións terá sobre a cidadanía a súa execución?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

Por Patricia García González
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:23
Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:23
Por María Nazaret Cendán Gayoso
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:25:54
Nº Rexistro: 54534
Data envío: 06/04/2026 11:25:54.080

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 11:23:50
Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/04/2026 11:23:58
Maria Magdalena Perez Millares na data 06/04/2026 11:24:05
Jesús María Fernández Rosende na data 06/04/2026 11:24:26
Patricia García González na data 06/04/2026 11:24:37
Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 11:24:46
Paula Mouzo Mas na data 06/04/2026 11:25:02
Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 11:25:14
Manuel Santos Costa na data 06/04/2026 11:25:23

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:25:54
Nº Rexistro: 54534
Data envio: 06/04/2026 11:25:54.080

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:25:55**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:27:40
Nº Rexistro: 54536
Data envío: 06/04/2026 11:27:40.576

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:14
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:27:40
Nº Rexistro: 54536
Data envio: 06/04/2026 11:27:40.576

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que “de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar”. Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria “priorizarase a ensinanza de maneira analóxica” e recomenda “o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas… fóra do horario escolar)”, así como indica que “a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso” e debe contar cun aval científico que garanta que “non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual”.

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:27:40
Nº Rexistro: 54536
Data envio: 06/04/2026 11:27:40.576

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que "canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais", e indica tamén que "un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña".

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students' learning* (2025), sinala que "a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo" e que "una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas", o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:27:40
Nº Rexistro: 54536
Data envio: 06/04/2026 11:27:40.576

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para garantir que todas as familias dispoñan dos recursos e competencias necesarias para acompañar o uso das ferramentas dixitais no ámbito educativo?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:27:40
Nº Rexistro: 54536
Data envio: 06/04/2026 11:27:40.576

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:14:49**

**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:14:54**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:27:40
Nº Rexistro: 54536
Data envio: 06/04/2026 11:27:40.576

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:27:41**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:28:35
Nº Rexistro: 54541
Data envío: 06/04/2026 11:28:35.766

PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:15
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:15
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:28:35
Nº Rexistro: 54541
Data envío: 06/04/2026 11:28:35.766

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que "de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar". Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria "priorizarase a ensinanza de maneira analóxica" e recomenda "o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas… fóra do horario escolar)", así como indica que "a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso" e debe contar cun aval científico que garanta que "non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual".

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:28:35
Nº Rexistro: 54541
Data envio: 06/04/2026 11:28:35.766

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que “canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais”, e indica tamén que “un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña”.

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students’ learning* (2025), sinala que “a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo” e que “una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas”, o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:28:35
Nº Rexistro: 54541
Data envio: 06/04/2026 11:28:35.766

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:28:35
Nº Rexistro: 54541
Data envio: 06/04/2026 11:28:35.766

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Dispón a Xunta de Galicia de informes propios que analicen o impacto do programa E-Dixgal na atención, concentración e comprensión lectora do alumnado?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:28:35
Nº Rexistro: 54541
Data envio: 06/04/2026 11:28:35.766

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:15:02**

**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:15:08**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:28:35
Nº Rexistro: 54541
Data envio: 06/04/2026 11:28:35.766

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:28:36**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:17
Nº Rexistro: 54547
Data envio: 06/04/2026 11:31:17.867

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Ángel Rodríguez Conde
Asinado o día 06/04/2
Por María Encarnació
Díaz

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz** e **Miguel A. Viso Diéguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) asinou o 18 de marzo o acordo de financiamento de Seafood Legacy Spain S.L. para o desenvolvemento dun proxecto estratéxico de acuicultura sostible en Burela, baseado en sistemas avanzados de recirculación de auga.

O Igape, que apoia cun préstamo de 5 M€ este proxecto, impulsa a posta en marcha da primeira planta de cría de salmón da comunidade galega, que ocupará unha parcela de preto de 20.000 m² no porto de Burela e que se estima que creará un cento de postos de traballo directos e indirectos.

A sinatura foi realizada coas entidades financeiras colaboradoras -Banco Santander e Abanca- e o ICO. Así, a Consellería de Economía e Industria achega 8,5 M€ despois da realizada por Xesgalicia (3,5 M€). En total, a Xunta de Galicia destina 33,5 M€ dos que a Consellería do Mar achega 25 M€ cofinanciados co Fondo Europeo de Pesca e Acuicultura.

Pola súa banda, a empresa Seafood Legacy Spain realizará un investimento de 100 M€, o que reflicte a súa aposta decidida por Galicia, aproveitando o seu coñecemento, o seu ecosistema industrial e o seu liderado no ámbito mariño.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Considera a Xunta de Galicia que a primeira planta de cría de salmón en Galicia, permite avanzar na modernización do sector marítimo-pesqueiro, en particular, do

Carrera
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:29
Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:29
Por María Nazaret Cendán Gayoso
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

segmento acuícola; así como reforzar a posición de Galicia como referente internacional na economía do mar?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:17
Nº Rexistro: 54547
Data envio: 06/04/2026 11:31:17.867

**Asinado dixitalmente por:**

**María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 11:29:28**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 06/04/2026 11:29:39**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2026 11:29:49**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/04/2026 11:29:58**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 06/04/2026 11:30:10**
**Ángel Rodríguez Conde na data 06/04/2026 11:30:20**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 06/04/2026 11:30:32**
**Cristina Sanz Arias na data 06/04/2026 11:30:43**
**Borja Verea Fraiz na data 06/04/2026 11:30:54**
**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 06/04/2026 11:31:04**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:17
Nº Rexistro: 54547
Data envio: 06/04/2026 11:31:17.867

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:31:18

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:30
Nº Rexistro: 54548
Data envío: 06/04/2026 11:31:30.112

Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 06/04/2
11:28
Por María Montserrat
Por Brais Ruanova Vilas-Boas
Asinado o día 06/04/2026 ás
11:28
Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 06/04/2026 ás
11:28
Por Rosana Pérez Fernández

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Carmela González Iglesias**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións que vai impulsar o Goberno galego após a reunión mantida coas confrarías de Pontevedra e AGACOMAR para a recuperación do marisqueo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten competencias EXCLUSIVAS na xestión do marisqueo. Nese sentido, dotouse ao longo dos anos de lexislación que foi desenvolvendo sobre a regulación e ordenación da actividade e do sector. E así, o Decreto 153/2009, que regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros di claramente que é a Administración galega a responsábel da xestión sostíbel dos recursos e que é ela quen ten que adoptar medidas, unha vez oído o sector, para que esa xestión funcione.

No entanto, o funcionamento desa xestión está en cuestionamento dende hai tempo por parte de distintos sectores que se viron e se están a ver moi afectados diante da diminución precisamente dos recursos pesqueiros e marisqueiros e, como consecuencia, pola alarmante mingua de produtividade que á súa vez provoca unha perda incesante de postos de traballo, tanto no sector extractivo como nos relacionados con el.

Así, xa no ano 2024, o peor da historia en datos para o sector do mar, a Comisión Mar Industria da Confederación de Empresarios de Galiza fixo patente, nunha

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reunión co conselleiro de Mar, a súa preocupación pola perda de produtividade das rías galegas e propuxo á Consellaría abordar as "deficiencias" que, segundo eles, "presenta o sistema de xestión e extracción de bivalvos nas rías", e a constitución de "mesas técnicas" para traballar na "mellora da xestión de parques de cultivo e definir un plan que contribúa á consecución dun sistema de xestión eficiente dos parques".

Aquela reunión e as declaracións da CEG provocaran certo malestar nas confrarías, sobre todo nas da provincia de Pontevedra, que respondeu ás mesmas, para rebatelas, publicamente en varias ocasións.

No entanto agora son as propias confrarías pontevedresas as que, xunto coa Asociación Galega de Comercializadores de Marisco-AGACOMAR, veñen de recoñecer de novo a delicadísima situación na que se atopa o marisqueo galego e veñen de trasladar á propia conselleira de Mar o acordo ao que chegaron entre ambas as dúas para tentar reverter a gravísima crise actual.

Segundo transcendeu, na reunión que mantiveron as dúas entidades coa Consellaría no mes de febreiro, achegáronlle as liñas que consideran se deben levar a cabo para buscar vías de solución ao problema, que agora agravado, vénse evidenciando dende hai anos. E tamén agora, como xa fixera a CEG no 2024, propoñen crear un "grupo de traballo sobre o marisqueo".

Mais esas liñas acordadas e postas en coñecemento da Consellaría veñen precedidas de manifestacións nos medios de comunicación tamén preocupantes e que poden xerar desconfianza sobre os obxectivos a conseguir, obxectivos que descoñecemos se son compartidos pola propia Consellaría de Mar e se se van impulsar pola súa parte.



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:30
Nº Rexistro: 54548
Data envio: 06/04/2026 11:31:30.112

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do actual modelo de xestión marisqueira no noso país?

. Ten previsto levar a cabo, a curto ou medio prazo, cambios no actual modelo de xestión do marisqueo? De ser así, en que sentido?

. Considera que, baseándose nas súas competencias exclusivas en marisqueo e tal e como establece o Decreto 153/2009, vén adoptando as medidas necesarias para o bo funcionamento da xestión dos recursos marisqueiros?

. De ser así, a que atribúe a gravísima situación pola que está a pasar o marisqueo na actualidade, máis alá dos adversos meteorolóxicos?

. Que liñas de traballo lle foron trasladadas pola Federación de Confrarías de Pontevedra e AGACOMAR na reunión que mantiveron coa Consellaría de Mar no mes de febreiro para tentar paliar esa situación?

. Que obxectivos se marcan esas liñas de traballo? Son compartidos pola Consellaría?

. Diante das propostas de ambas as dúas entidades, que compromisos concretos adquiriu ou vai adquirir a Consellaría de Mar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:30
Nº Rexistro: 54548
Data envio: 06/04/2026 11:31:30.112

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 11:28:34
Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 11:28:45
María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2026 11:28:51
Luis Bará Torres na data 06/04/2026 11:28:57
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/04/2026 11:29:05
Paulo Ríos Santomé na data 06/04/2026 11:29:17

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:30
Nº Rexistro: 54548
Data envio: 06/04/2026 11:31:30.112

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:31:30**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:36:59
Nº Rexistro: 54552
Data envio: 06/04/2026 11:36:59.812

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Patricia García González

Asinado o día 06/04/2
11:35
Por Miguel Fidalgo Igl

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Paula Mouzo Mas, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O Consello da Xunta deu conta o 23 de marzo do informe da Consellería do Mar no que se recollen os resultados do plan de actuación posto en marcha polo Goberno galego, unha vez que cesaron os temporais das últimas semanas, para identificar o grao de afectación dos bancos marisqueiros.

Asinado o día 06/04/2026 ás
11:35
Por Paula Mouzo Mas

Rosende

O informe detalla, asemade, unha serie de medidas que se van a adoptar, encamiñadas á recuperación e á rexeneración dos bancos marisqueiros afectados por este fenómeno meteorolóxico; o cal provocou episodios de baixa salinidade e, en consecuencia, importantes mortaldades de moluscos bivalvos nas rías galegas.

Todo elo suporá a posta a disposición do sector marítimo-pesqueiro de 22,7 M€, dos que 1,5 M€ irá destinado á repoboación de especiesestinar, 2 M€ para reforzar proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña e 19,2 M€ á sinatura de convenios coas confrarías e entidades xestoras dos plans de marisqueo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pode a Consellería do Mar concretar como se levou a cabo o plan de actuación para identificar o grao de afectación dos bancos marisqueiros logo do impacto dos temporais das últimas semanas, así como explicar as medidas que se van a poñer en marcha para a súa recuperación e rexeneración, e especificar os investimentos vinculados a cada unha delas?

Asinado o día 06/04/2026 ás 11:35
Por María Nazaret Cendán
Gayoso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:36:59
Nº Rexistro: 54552
Data envio: 06/04/2026 11:36:59.812

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 11:35:12
Paula Mouzo Mas na data 06/04/2026 11:35:27
Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/04/2026 11:35:37
Maria Magdalena Perez Millares na data 06/04/2026 11:35:44
Jesús María Fernández Rosende na data 06/04/2026 11:35:58
Patricia García González na data 06/04/2026 11:36:11
Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 11:36:22
Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 11:36:33
Manuel Santos Costa na data 06/04/2026 11:36:45

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:36:59
Nº Rexistro: 54552
Data envio: 06/04/2026 11:36:59.812

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:37:00**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:46:38
Nº Rexistro: 54555
Data envio: 06/04/2026 11:46:38.470



Por Nicole Grueira Fernández
Asinado o día 06/04/2 11:40 Por Noelia Pérez Lóp

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Santos Costa, María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Reforma residencia da terceira idade de Marín**

**Exposición de motivos**

A Xunta de Galicia está a executar unhas obras de mellora na Residencia da Terceira Idade de Marín co obxetivo de mellorar a súa confortabilidade e seguir ofrecendo unha atención de calidade, cun investimento que suma case 1,5M€ de fondos MRR.

Para a Xunta de Galicia e moi relevante o seguir ampliando, como fixemos ata o de agora, a rede pública de residencias de atención ás persoas maiores, pero non é menos importante ofrecer as mellores garantías de calidade e eficiencia nas residencias que a Xunta de Galicia ten en funcionamento a día de hoxe.

Según se ten informado, estas actuacións están enmarcadas dentro do novo modelo de residencias que a Xunta impulsa na rede de centros de maiores públicos autonómicos.

Deste xeito, as reformas ademais de mellorar elementos como a fachada ou o illamento térmico, permitirán adaptar as instalacións para ofrecer unha atención máis innovadora e integral, cunha alta presenza de elementos tecnolóxicos para a estimulación e coidado dos maiores.

Polo exposto, é polo que as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. En que consisten as obras que se están executando no centro de maiores de Marín?

2. Que obxetivo se busca coas mesmas?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:38 Por María Encarnación Amigo Díaz
Asinado o día 06/04/2026 ás 11:38 Por Manuel Santos Costa
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:46:38
Nº Rexistro: 54555
Data envio: 06/04/2026 11:46:38.470

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Costa na data 06/04/2026 11:38:14**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2026 11:38:55**
**Noelia Pérez López na data 06/04/2026 11:40:03**
**Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2026 11:41:10**
**Víctor Baladrón Lamas na data 06/04/2026 11:42:14**
**Nicole Grueira Fernández na data 06/04/2026 11:43:08**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 11:43:42**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 06/04/2026 11:44:37**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 06/04/2026 11:45:12**
**Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 11:45:57**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:46:38
Nº Rexistro: 54555
Data envio: 06/04/2026 11:46:38.470

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:46:39**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:08:02
Nº Rexistro: 54564
Data envio: 06/04/2026 12:08:02.506

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ariadna Fernández González** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación dos nenos, nenas e adolescentes non acompañados que chegaron a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As situacións de fame, conflitos bélicos ou abusos dos dereitos humanos, empurran a moitas persoas a desprazarse dende os seus lugares de orixe a outras latitudes, co obxecto de mellorar as súas vidas, conservalas ou simplemente, ter unha oportunidade de futuro. Ese é o caso de moitos nenos, nenas e adolescentes que arriscan a súa vida para buscar outra mellor e se lanzan ao mar, sós ou acompañados, para chegar ás costas do estado español, co risco de perecer no traxecto.

As Illas Canarias son un dos principais lugares de destino dos migrantes, que se atopan á súa chegada cun territorio que non ten recursos específicos abondos para acollelos a todos e que solicita, dende fai moito tempo, a colaboración do resto do estado, cuxa lentitude fai que os recén chegados se atopen en condicións inadecuadas, pola incapacidade do goberno insular para atendelos a todos.

Dese intento de minguar a densidade de persoas menores de idade que precisan de axuda dos recursos de acollemento e protección de Canarias, chegou dende o executivo central a solicitude de solidariedade ás CCAA do estado, tamén ao noso país, onde o goberno non se amosou proactivo e incluso interpuxo recursos nos Tribunais para non recibir aos nenos, nenas e adolescentes que se lle asignaran, alegando que o

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:06
Por Daniel Castro García
Asinado o día 06/04/2026 ás 12:06
Por Ariadna Fernández González
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:08:02
Nº Rexistro: 54564
Data envio: 06/04/2026 12:08:02.506

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistema de protección galego estaba sobresaturado e non tiña capacidade para darlle un lugar seguro aos menores nesta situación.

Malia ter novas dos inminentes traslados dende moitos meses atrás, fíxose necesario un Real Decreto para que o goberno galego aceptase ser solidario, e se preparase para recibir aos nenos e nenas migrantes. Non menos importante é que, aínda sabendo que era necesario reforzar o sistema de protección dende hai anos, a realidade é que este continúa a estar saturado e sen espazo para acoller a quen o precisa, sexa cal sexa a súa procedencia, feito que a Consellería de Política Social recoñeceu mais non resolveu. A falla de prazas en centros de protección residenciais, a ausencia dun número suficiente de familias acolledoras ou a sobresaturación que sofren as equipas técnicas do menor, dan lugar a un sistema de protección que non é eficiente, no que moitos dos que precisan destes recursos pasan meses en situacións de desamparo ou perigo por non poder acceder a eles. Así, tras meses de desacordos entre o goberno galego e o do estado, no que os menores continuaron sen garantías de seren atendidos en condicións adecuadas, a Consellería de Política Social puxo enriba da mesa un recurso para o acollemento residencial en Monforte, edificio que fora creado con outro obxecto por parte da asociación PRODEME e á que se lle avisou sen a antelación necesaria de que sería o destino de parte dos 317 menores que chegasen a Galiza.

Tras ataques racistas a este centro, que se trataría do primeiro posto a disposición especificamente para a atención de persoas migrantes, a Consellería de Política Social continuou adiante coa súa folla de ruta, seguindo así co plan de disgregar nenos, nenas e adolescentes pola súa procedencia. A realidade é que, dos 80 menores que se agardaba que chegasen a esta localización, chegaron polo de agora moitos menos, facendo referencia na prensa no mes de novembro do 2025 a unicamente cinco rapaces.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:08:02
Nº Rexistro: 54564
Data envio: 06/04/2026 12:08:02.506

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia as críticas recibidas por parte das organizacións que traballan no eido da infancia, que amosaron posturas contrarias da creación de recursos que separasen pola súa orixe a nenos, nenas e adolescentes, a Consellería de Política Social, non só abriu as portas do centro de Monforte, senón que ven de anunciar un novo recurso deste tipo, neste caso en Burela. A entidade Rogacionistas xestionará este centro especializado para a atención de persoas migrantes menores de idade, con 12 prazas residenciais que a D.X. de Infancia e Familia considera necesarias fronte ao "envío constante de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados", recorrendo de novo á creación de centros específicos no noso país.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cantos nenos, nenas e adolescentes migrantes sos chegaron a Galiza no 2025 e o que levamos de 2026 dos 317 anunciados pola Consellería de Política Social?

2. Cantos dos nenos, nenas e adolescentes migrantes solicitantes de asilo chegaron a Galiza no 2025 e no que levamos de 2026 e cantos deles están no sistema de protección residencial da Xunta de Galiza?

3. Cantos dos nenos, nenas e adolescentes que chegaron nestas condicións están en centros específicos nos que están disgregados pola súa procedencia? Ofrecéuselle a eses menores a opción do acollemento familiar?

4. Cantas prazas públicas residenciais xestionadas pola Xunta de Galiza se crearon no 2025 e no que levamos de 2026? Cantas prazas residenciais temos no sistema de protección galego en total a data de marzo do 2026?



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Cales son os motivos de que a Xunta de Galiza presente alegacións á maior parte dos expedientes de traslado a Galiza destes nenos, nenas e adolescentes que chegan sos? Responden ao interese superior do menor?

6. Cal é o motivo de que a Consellería de Política Social atrase 2 ou 3 anos a publicación das estatísticas do sistema de protección de menores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:08:02
Nº Rexistro: 54564
Data envio: 06/04/2026 12:08:02.506

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/04/2026 12:06:43

Daniel Castro García na data 06/04/2026 12:06:49

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:08:03**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:39:06
Nº Rexistro: 54578
Data envío: 06/04/2026 12:39:06.177

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un piar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.
Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:34
Por Carlos López Font
Asinado o día 06/04/2026 ás 12:34
Por Aitor Bouza Manso
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:39:06
Nº Rexistro: 54578
Data envio: 06/04/2026 12:39:06.177

pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que razóns explican que a Xunta de Galicia non teña habilitado ata o momento un sistema de transparencia activa que permita o acceso público, permanente e reutilizable a estes datos

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:39:06
Nº Rexistro: 54578
Data envío: 06/04/2026 12:39:06.177

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:34:14**

**Carlos López Font na data 06/04/2026 12:34:19**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:39:06
Nº Rexistro: 54578
Data envio: 06/04/2026 12:39:06.177

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:39:09**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:40:33
Nº Rexistro: 54582
Data envío: 06/04/2026 12:40:33.594

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un piar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:34
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:34
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:40:33
Nº Rexistro: 54582
Data envío: 06/04/2026 12:40:33.594

Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia facer públicos, a través do portal web habilitado ao efecto, os datos históricos completos do rexistro de demandantes de vivenda en Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:40:33
Nº Rexistro: 54582
Data envio: 06/04/2026 12:40:33.594

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:34:26**

**Carlos López Font na data 06/04/2026 12:34:31**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:40:33
**Nº Rexistro: 54582**
Data envio: 06/04/2026 12:40:33.594

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:40:34**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:41:49
Nº Rexistro: 54586
Data envío: 06/04/2026 12:41:49.925

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un piar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.

Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:34
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:34
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:41:49
Nº Rexistro: 54586
Data envio: 06/04/2026 12:41:49.925

pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Por que motivo o portal web actual do rexistro de demandantes de vivenda protexida só permite consultar os datos actualizados no momento e non o seu histórico evolutivo?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:41:49
Nº Rexistro: 54586
Data envio: 06/04/2026 12:41:49.925

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:34:43**

**Carlos López Font na data 06/04/2026 12:34:49**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:41:51**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:43:35
Nº Rexistro: 54590
Data envío: 06/04/2026 12:43:35.492

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un piar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.
Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:35
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:34
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:43:35
Nº Rexistro: 54590
Data envío: 06/04/2026 12:43:35.492

pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai presentar a Xunta de Galicia perante o Parlamento de Galicia un informe detallado sobre a evolución histórica do rexistro de demandantes de vivenda protexida, incluíndo a análise das tendencias, a distribución territorial e as características da demanda?
2. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para mellorar a transparencia pública en relación cos datos de demanda de vivenda protexida en Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:43:35
Nº Rexistro: 54590
Data envio: 06/04/2026 12:43:35.492

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:34:56

Carlos López Font na data 06/04/2026 12:35:56

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:43:35
**Nº Rexistro: 54590**
Data envio: 06/04/2026 12:43:35.492

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:43:36**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:54:38
Nº Rexistro: 54595
Data envio: 06/04/2026 12:54:38.062

Asinado o día 06/04/2
12:53
Por Oscar Insua Lema

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, **Iago Suárez Fernández** e **Oscar Insua Lema**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa práctica deportiva de remo no Pedrido (Bergondo-A Coruña).

Asinado o día 06/04/2026 ás
12:53
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Bergondo conta dende hai unha década co Club de Remo Olímpico do Mandeo que desenvolve a súa actividade na zona da praia do Pedrido, na ría de Betanzos. Este club leva anos colleitando grandes éxitos nas competicións nas que participa contando cun amplo medalleiro, levando así o nome de Bergondo e de Galiza por todo o mundo.

Sen embargo, os seus indiscutibles éxitos, froito do esforzo e compromiso do club, non se corresponden coas carencias nas instalacións tan precarias que dificultan cada vez máis a realización de entrenamentos e preparación das competicións, e limitan o medre desta entidade de marcado carácter social que traballa a prol da promoción do deporte de base, en especial entre a mocidade, co reforzo dos valores que isto implica.

Asinado o día 06/04/2026 ás
12:53
Por Mercedes Queixas Zas

O Club de Remo Olímpico do Mandeo leva anos solicitando axuda ás diferentes administracións para dispor dunhas instalación axeitadas á práctica deste deporte para todos os usuarios, sen ter conseguido até o momento ningunha resposta en positivo, nin sequera ante o chamado urxente que fixeron cando tiveron que abandonar un espazo de titularidade privada que ocupaban. Nesta altura, o club de remo segue a funcionar grazas a que un particular lles cedeu temporalmente unhas antigas naves sen uso.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:54:38
Nº Rexistro: 54595
Data envío: 06/04/2026 12:54:38.062

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde hai tempo o Club de Remo Olímpico do Mandeo está a facer propostas de colaboración ao Concello de Bergondo, atendendo ás competencias municipais, que até o de agora seguen sen atoparon unha resposta positiva.

Mentres continúan desde o club a explorar a colaboración municipal, e como medida parcial, mais satisfactoria para facilitar a continuidade da actividade deportiva no Pedrido, proponse a creación dun parque de botes na marxe da ría.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- É coñecedora a Xunta do importante labor social e deportivo que desenvolve o Club de Remo Olímpico do Mandeo?

- É consciente a Xunta da precariedade das súas instalacións?

- Como valora a proposta do Club de Remo Olímpico do Mandeo de construír un parque de botes no Pedrido?

- Comprométese a Xunta a autorizar a construción dun parque de botes de remo olímpico na Ría de Betanzos á altura do Pedrido?

- Comprométese a Xunta a abrir unha vía de diálogo e colaboración co Concello de Bergondo para avanzar no estudo de construción dunha instalación que dea resposta a esta práctica deportiva?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:54:38
Nº Rexistro: 54595
Data envio: 06/04/2026 12:54:38.062

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/04/2026 12:53:17
Iago Suárez Fernández na data 06/04/2026 12:53:23
Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 12:53:29

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:54:38
**Nº Rexistro: 54595**
Data envio: 06/04/2026 12:54:38.062

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:54:38**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:56:14
Nº Rexistro: 54599
Data envio: 06/04/2026 12:56:14.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a mellora de seguranza viaria en Oza Cesuras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Oza Cesuras está atravesado pola estrada AC-840, unha vía cunha alta densidade de tráfico e numerosos puntos nos que se ve comprometida a seguridade viaria, tanto para os vehículos como para os peóns.

Un deses puntos é o cruzamento da AC-840 coa CP-0160 e a estrada da estación, coñecido como "Cruce do París", moi transitado por vehículos e persoas, especialmente para o acceso ao centro de saúde.

A visibilidade para incorporarse á AC-840 desde ambas estradas é en moitas ocasións moi baixa, o que obriga a manobras perigosas, o que ten provocado que no último ano xa se producisen varios sinistros nese punto.

Recentemente, o pleno da corporación aprobou unha moción do BNG para atallar esta problemática dentro das competencias municipais, mais é precisa a colaboración da Xunta de Galiza e da Deputación da Coruña debido a que as vías ás que se fai referencia son da súa titularidade.

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:55
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:55
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:56:14
Nº Rexistro: 54599
Data envio: 06/04/2026 12:56:14.659

BNG BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza da necesidade de mellora da seguridade viaria no Cruce do París en Oza Cesuras?

- Como valora a sinistralidade que se ten producido neste punto nos últimos tempos?

- Ten previsto a Xunta acometer as intervencións necesarias para garantir a seguridade viaria no chamado "Cruce do París", en colaboración coa Deputación da Coruña e o Concello de Oza Cesuras?

- Conta a Xunta con algún proxecto de intervención?

- Comprométese a iniciar a mellora da seguridade viaria no "Cruce do París" ao longo de 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:56:14
Nº Rexistro: 54599
Data envio: 06/04/2026 12:56:14.659

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/04/2026 12:55:20

Luis Bará Torres na data 06/04/2026 12:55:28

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:56:14
Nº Rexistro: 54599
Data envio: 06/04/2026 12:56:14.659

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:56:15**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54609
Data envio: 06/04/2026 14:09:29.849

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 06/04/202
Por Secundino Fernánde
Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Oscar Insua Lema**, **Secundino Fernández Fernández**, **Noa Presas Bergantiños** e **Sonia Vidal Lamas**, deputados e deputadas do **G rupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o cumprimento dos compromisos pactados cos traballadores do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento de Ourense, e o estado e recursos cos que conta o servizos.

Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 06/04/2026 ás
14:08
Por Óscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consorcio Provincial para a prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento de Ourense é un ente no que participan tanto a Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes. Os parques comarcais cos que conta o Consorcio de Ourense contan cun número de efectivos que dificulta, senón impide, garantir a plena cobertura e atención das emerxencias nos concellos sen servizo municipal de extinción propio.

Tras unha prolongada situación de conflito laboral, na que se produciu o peche de numerosos parques pola ausencia de persoal, evidenciando as carencias estruturais dos cadros de persoal que viñan soportando dende hai tempo os Consorcios, asinouse un Acordo tanto para a mellora das condicións laborais e profesionais, como tamén para ampliación do cadro de persoal e a cobertura de efectivos.

Asinado o día 06/04/2026 ás
14:08
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Non obstante, máis de dous anos após deses acordos, o Comité de Empresa do Consorcio de Ourense ven de convocar unha folga indefinida ante o que denomina *"situación laboral insostible"* e a falta de resposta do Consorcio. As súas demandas

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

refírense ao cumprimento íntegro do convenio colectivo e dos acordos pactados, e inciden de xeito especial nos seguintes aspectos:

- *A oferta pública de emprego comprometida para a incorporación de 17 novos profesionais na provincia segúe sen resolverse, o que mantén ao Consorcio na súa dotación mínima de 72 efectivos sen incremento ningún.*

- *A falta de persoal está a provocar que se fixen gardas por baixo dos servizos mínimos establecidos de tres bombeiros por turno. Esta mesma semana rexistráronse situacións nos parques de Xinzo de Limia e O Carballiño con só dous bombeiros traballando, o que pón en risco tanto a seguridade dos propios traballadores como a da cidadanía.*

- *Persisten incumprimentos en obrigacións retributivas pactadas e deficiencias na formación do persoal, situacións que, segundo o comité, non se reprodución nas outras provincias galegas.*

- *Non existe actualmente ningunha mesa de negociación aberta entre o comité e a administración. Os representantes dos traballadores levan meses solicitando reunións formais sen obter resposta, e denuncian que o propio presidente da Deputación incumpriu o compromiso persoal de manter unha reunión con eles.*

A Xunta de Galiza non é unha administración allea a este conflito: é parte integrante do Consorcio e, polo tanto, corresponsable do cumprimento dos acordos laborais asinados e do bo funcionamento do servizo de emerxencias. A paralización da negociación e o incumprimento do pactado non só vulneran os dereitos dos traballadores, senón que comprometen directamente a seguridade pública dos municipios rurais da provincia, que dependen exclusivamente destes parques para a atención de emerxencias urbanas e de interface urbano-forestal.



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54609
Data envio: 06/04/2026 14:09:29.849

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten coñecemento o Goberno galego da convocatoria de folga indefinida no Consorcio Provincial de Extinción de incendios e Salvamento de Ourense?

Cal é a súa valoración, en tanto que administración que forma parte do Consorcio?

Que medidas concretas adoptou ou ten previsto adoptar o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo asinado en 2024, nomeadamente no relativo á oferta pública de emprego comprometida para a incorporación de 17 novos profesionais no Consorcio de Ourense?

Cal é o estado actual do proceso de cumprimento do acordado hai case dous anos?

Que xestións está a realizar a Xunta para desbloquear un proceso que o comité de empresa denuncia como paralizado dende hai meses?

Como valora o Goberno galego que en parques do Consorcio Provincial de Ourense de extinción de incendios e salvamento se estean a realizar gardas cun número de efectivos interior ao dos servizos mínimos establecidos?

Que medidas de urxencia prevé para garantir a seguridade pública e a dos propios traballadores durante a folga?

Por que razón se están a incumprir os compromisos retributivos e de formación pactados no seu día?

No seu caso, que responsabilidade asume a Xunta, en tanto administración integrada no Consorcio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54609
Data envío: 06/04/2026 14:09:29.849

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/04/2026 14:08:05**

**Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 14:08:12**

**Secundino Fernández Fernández na data 06/04/2026 14:08:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/04/2026 14:08:28**

**Sonia Vidal Lamas na data 06/04/2026 14:08:35**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54609
Data envio: 06/04/2026 14:09:29.849

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 14:09:31**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54612
Data envio: 06/04/2026 14:11:28.822

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 06/04/2026 ás 14:03
Por Patricia García González

Rosende

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Sobre *as infraestruturas do Centro Oceanográfico de Vigo e o atraso nas actuacións previstas*

**Exposición de motivos**

O Centro Oceanográfico de Vigo, pertencente ao Instituto Español de Oceanografía e integrado no Consejo Superior de Investigaciones Científicas, constitúe unha infraestrutura científica de referencia para Galicia, especialmente pola súa estreita vinculación co sector marítimo-pesqueiro, clave na economía da comunidade.

Porén, a pesar desta relevancia, o centro presenta importantes carencias en materia de infraestruturas. As instalacións situadas en Canido (Vigo) amosan limitacións derivadas da súa antigüidade e da falta de adaptación ás esixencias actuais da investigación mariña, o que condiciona a súa capacidade de desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Esta situación foi recoñecida polo propio Goberno de España, que anunciou en 2024 un investimento próximo aos 10 millóns de euros para a construción dun novo edificio de cultivos mariños e a rehabilitación do edificio principal do centro. Non obstante, a día de hoxe non se ten constancia do inicio efectivo destas obras, existindo información recente que apunta a unha situación de atraso ou bloqueo na súa execución.

Deste xeito, prodúcese unha evidente contradición entre os anuncios realizados e a realidade actual, mantendo un centro estratéxico cunhas infraestruturas insuficientes e sen certezas sobre a súa modernización efectiva.

Neste contexto, resulta necesario coñecer que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia para garantir o cumprimento dos compromisos adquiridos, a mellora das infraestruturas do centro e o seu fortalecemento como referencia científica.

Asinado o día 06/04/2026 ás 14:02
Por Miguel Fidalgo Iglesias
Gayoso
Asinado o día 06/04/2026 ás 14:01
Por Julio García Comesaña
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54612
Data envio: 06/04/2026 14:11:28.822

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguintes preguntas en Comisión:

1. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para esixir ao Goberno de España o inicio efectivo das obras previstas no Centro Oceanográfico de Vigo?

2. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para esixir ao Goberno de España a clarificación da situación actual dos proxectos anunciados?

3. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para esixir ao Goberno de España o reforzo do investimento público no centro, garantindo os recursos necesarios tanto en infraestruturas como en equipamento científico e persoal investigador?

4. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para esixir ao Goberno de España a garantía de que o Centro Oceanográfico de Vigo manteña un papel central na investigación mariña en España, recoñecendo a súa importancia estratéxica para Galicia e para o conxunto do España?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54612
Data envio: 06/04/2026 14:11:28.822

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio García Comesaña na data 06/04/2026 14:01:54**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/04/2026 14:02:31**
**Patricia García González na data 06/04/2026 14:03:08**
**Paula Mouzo Mas na data 06/04/2026 14:03:55**
**María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/04/2026 14:06:13**
**Jesús María Fernández Rosende na data 06/04/2026 14:07:01**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/04/2026 14:07:44**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 06/04/2026 14:09:06**
**Raúl Santamaría González na data 06/04/2026 14:09:52**
**Manuel Santos Costa na data 06/04/2026 14:10:46**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54612
Data envio: 06/04/2026 14:11:28.822

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 14:11:29**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54620
Data envío: 06/04/2026 16:15:07.318

# Á Mesa do Parlamento

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O CIFP Imaxe e So da Coruña é un centro de referencia no eido da formación audiovisual en Galicia. Os profesionais que o dirixiron e dirixen, así coma os que fórmanse nas súas aulas, son altamente recoñecidos no eido do audiovisual. Por mor de obras e implementacións, alumnos e profesorado levan dous cursos sen poder empregar o seu auditorio, unha peza clave para as prácticas de iluminación, son, produción e realización de espectáculos.

A situación chega despois dunha intervención que pretendía modernizar e adaptar o salón ás necesidades docentes. En novembro de 2022 anunciouse a licitación para renovar integramente o salón de actos. O prazo de execución establecíase en seis meses máis o proxecto quedou estancado ao detectarse deficiencias que non estaban previstas. O caso é que o auditorio está absolutamente desmontado, sen butacas, escenario e non pode usarse de ningún xeito.

A dirección sinala que o parón está a ter efectos directos na aprendizaxe do alumnado, ao limitar ensaios e prácticas técnicas que normalmente se desenvolven nun espazo dotado para o traballo escénico. O centro imparte, entre outros, ciclos superiores vencellados á produción e realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, así como á iluminación e ao son.

Asinado o día 06/04/2026 ás 16:09
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 06/04/2026 ás 16:09
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54620
Data envío: 06/04/2026 16:15:07.318

A comunidade educativa da Escola de Imaxe e Son trata de suplir con improvisación e imaxinación a carencia dunhas instalacións imprescindibles para unha formación profesional de calidade, pero estas xeracións de alumnado perderanse contidos e experiencias fundamentais para a súa preparación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que motivo ten a Consellería de Educación para ter paralizada en máis de dous anos as obras da Escola de Imaxe e Son da Coruña?

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54620
Data envio: 06/04/2026 16:15:07.318

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 16:09:28**

**Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 16:09:35**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54620
Data envio: 06/04/2026 16:15:07.318

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 16:15:08

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:41:25
Nº Rexistro: 54632
Data envio: 06/04/2026 16:41:25.782

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 06/04/2 16:40
Por María Montserrat

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmela González Iglesias**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a falta de persoal médico no Centro de saúde de Redondela.

Asinado o día 06/04/2026 ás 16:40
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas usuarias do Centro de saúde de Redondela veñen padecendo a reiterada falta de profesionais de medicina nos últimos meses, unha situación que se ten agravado nos últimos días.

Nos últimos días chegaron a prestar atención médica só 4 profesionais dos 12 que deberían estar traballando, todos de mañá polo que non hai atención pola tarde. Esta situación é consecuencia da non substitución por os médicos e médicas en situación de ILT, vacacións e permisos, así como a falta de cobertura de unha vacante desde hai tempo.

Que só un 30% dos profesionais estean prestando atención directa ten consecuencias tanto para as persoas usuarias como para as profesionais. A constante falta de persoal ten como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Asinado o día 06/04/2026 ás 16:40
Por Carmela González Iglesias

Os escasos profesionais están totalmente desbordados o que afecta a súa propia saúde, ademais da repercutir negativamente na calidade da atención que prestan.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:41:25
Nº Rexistro: 54632
Data envio: 06/04/2026 16:41:25.782

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da dificultade para ter unha cita médica, na actualidade hai unha lista de agarde de trinta días. Isto fai que as persoas teñan que acudir ás consultas de urxencias do PAC como única opción ante a súa enfermidade, o que provoca que este servizo estea saturado.

As queixas das persoas usuarias son constantes e o persoal administrativo e de enfermería xa non saben como enfrontar a situación.

A veciñanza de Redondela está cansa, cabreada e preocupada diante da falta de atención sanitaria que viven de xeito permanente e non ven o fin ao continuo deterioro da atención sanitaria no Concello de Redondela sen que o Goberno Galego tome medidas para garantir unha asistencia a que teñen dereito.

Nos últimos días numerosos veciños e veciñas, e colectivos en Defensa da Sanidade Pública veñen mobilizándose para denunciar a grave situación que está a atravesar o Centro de saúde de Redondela.

É urxente que o Goberno Galego actúe para reverter a situación de falta de persoal médico neste centro de saúde co fin de garantir o dereito á atención sanitaria da veciñanza de Redondela.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coñece o Goberno Galego a situación de falta de persoal médico no Centro de saúde de Redondela?

- Como valora o Goberno Galego que o día 1 de abril, de 12 médicos e médicas do cadro de persoal do Centro de saúde de Redondela, só estiveran prestando asistencia directa 4 profesionais?



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:41:25
Nº Rexistro: 54632
Data envío: 06/04/2026 16:41:25.782

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno Galego que unha persoa usuaria do Centro de saúde de Redondela teña que agardar ate un mes para conseguir cita coa súa médica ou médico?

- Pode o Goberno Galego garantir unha asistencia sanitaria adecuada á veciñanza de Redondela coa falta de profesionais médicos que sofre continuamente o Centro de saúde de Redondela?

- Cal é a previsión do Goberno Galego para garantir a cobertura de todas as prazas de profesionais médicos do Centro de saúde de Redondela?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:41:25
Nº Rexistro: 54632
Data envio: 06/04/2026 16:41:25.782

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 16:40:19
Alexandra Fernández Gómez na data 06/04/2026 16:40:26
María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2026 16:40:31

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:41:25
Nº Rexistro: 54632
Data envio: 06/04/2026 16:41:25.782

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 16:41:26

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:08:18
Nº Rexistro: 54637
Data envio: 06/04/2026 17:08:18.420

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmela González Iglesias**, **Alexandra Fernández Gómez**, **Olalla Rodil Fernández** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de mellorar o illamento no Centro de Atención a Persoas Maiores "Atalaia" Vigo-Teis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de día son espazos nos que as persoas maiores pasan unha boa parte da súa xornada realizando actividades fundamentais para a súa vida, tanto no referente a mobilidade e motricidade, como a saúde mental, a sociabilidade, etc. Un espazo que debería garantir unha condicións habitacionais acorde coas actividades que se desenvolven, así como coas persoas que o utilizan.

No Centro de atención a Persoas Maiores "Atalaia" Vigo-Teis estas condicións habitacionais non están garantidas polo que as persoas maiores que pasan o día nel sofren as consecuencias das malas condicións de illamento que sofre o edificio.

Dende hai anos o persoal, así como as persoas usuarias, veñen denunciando as filtracións de auga e aire polas fiestras do centro, o que obriga a realizar as actividades nunhas condicións indignas para os nosos maiores.

Neste pasado inverno no que se rexistraron moitos días de vento intenso e fortes chuvias a situación agravouse, tendo que deixar de utilizar algunha estancia polo benestar das persoas usuarias. Ademais e que o deterioro da estrutura das fiestras dispara o consumo de gasóleo da calefacción.



Asinado o día 06/04/2026 ás 17:07
Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 06/04/2026 ás 17:07
Por Alexandra Fernández Gómez
Asinado o día 06/04/2026 ás 17:06
Por Carmela González Iglesias
CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:08:18
Nº Rexistro: 54637
Data envio: 06/04/2026 17:08:18.420

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación compromete a eficiencia enerxética do edificio, máis sobre todo pon en risco a saúde das persoas maiores  que pasan alí as súas xornadas.

Resulta incomprensible que o Goberno galego permita que unha instalación pública non cumpra coas mínimas condicións de habitabilidade, unha condicións dignas para as nosas maiores. Mais tendo en conta que esta situacións vense producindo desde hai anos sen que se procedera a substitución das fiestras.

As solucións propostas pola Xunta son tan ridículas como insultantes, tentar resolver un problema tan grave poñendo uns burletes que impediran a apertura das fiestras non pode ser unha solución.

Estamos a falar dunha carpintería que ten moitos anos e que xa non ten arranxo posible, a única solución pasa pola substitución de todas as fiestras do edificio por outras novas que garantan un illamento axeitado e o confort térmico ao que as e os nosos maiores teñen dereito.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coñece o Goberno Galego a grave situación de deterioro das instalacións do Centro de Atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis?

- Como valora o Goberno Galego que as persoas maiores usuarios do  Centro de Atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis non teñan garantido un confort térmico adecuado?



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:08:18
Nº Rexistro: 54637
Data envio: 06/04/2026 17:08:18.420

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno Galego que as fiestras do Centro de Atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis non pechen adecuadamente e que filtren auga e aire en días de choiva e vento?

- Pode o Goberno Galego garantir unhas condicións adecuadas ás persoas usuarias do Centro de Atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis co deterioro que teñen as fiestras do centro?

- Vai o Goberno Galego substituír, con urxencia, as fiestras do Centro de Atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis por outras novas para garantir un correcto illamento e a eficiencia enerxética das instalacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:08:18
Nº Rexistro: 54637
Data envio: 06/04/2026 17:08:18.420

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 17:06:59
Alexandra Fernández Gómez na data 06/04/2026 17:07:07
Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2026 17:07:14
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/04/2026 17:07:24

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:08:18
Nº Rexistro: 54637
Data envio: 06/04/2026 17:08:18.420

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 17:08:19**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:22:13
Nº Rexistro: 54642
Data envio: 06/04/2026 17:22:13.638

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a instalación dunha cuberta no patio interior do Centro de Saúde de Figueiras (Coirós - A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Figueiras, situado no concello de Coirós, presenta unha deficiencia estrutural que afecta á accesibilidade para dar resposta a unha atención sanitaria con garantías de calidade plena.

O edificio conta cun patio exterior descuberto que constitúe o acceso principal ao centro. Mentres que as usuarias si que dispoñen dunha cuberta para as escaleiras e rampa que dá acceso ao centro de saúde desde o aparcadoiro, deben percorrer aproximadamente 12 metros polo patio interior até a porta de entrada sen ningún tipo de protección fronte á choiva ou ás inclemencias meteorolóxicas.

Esta situación resulta problemática nun país como Galiza, cunha climatoloxía caracterizada por frecuentes precipitacións e temporais ao longo do ano, que se agrava notablemente no caso de persoas maiores ou con mobilidade reducida.

Cómpre lembrar que esta demanda foi trasladada ao Pleno do Concello de Coirós polo BNG, sendo aprobada por unanimidade da corporación municipal. Porén, malia existir acordo institucional, até o momento non se teñen producido avances nin actuacións por parte da administración competente, a Xunta de Galiza.

Asinado o día 06/04/2026 ás 17:21
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 06/04/2026 ás 17:21
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:22:13
Nº Rexistro: 54642
Data envio: 06/04/2026 17:22:13.638

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A mellora proposta —a instalación dunha cuberta que protexa o itinerario de acceso— constitúe unha actuación de custo moderado, tecnicamente sinxela e de impacto inmediato na calidade do servizo público sanitario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da situación descrita de falta de accesibilidade ao Centro de Saúde de Figueiras, no concello de Coirós?

- Considera a Xunta de Galiza que o actual acceso ao centro cumpre coas garantías de accesibilidade universal?

- Prevese por parte da Xunta a instalación dunha cuberta que garanta un acceso protexido ao centro de saúde fronte ás inclemencias meteorolóxicas? De ser así, en que prazos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:22:13
Nº Rexistro: 54642
Data envio: 06/04/2026 17:22:13.638

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/04/2026 17:21:37

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2026 17:21:43

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:22:13
Nº Rexistro: 54642
Data envio: 06/04/2026 17:22:13.638

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 17:22:14**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:46:11
Nº Rexistro: 54648
Data envio: 06/04/2026 17:46:11.425

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 06/04/2
17:43
Por José Mato Díaz

Gándara

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 06/04/2026 ás 17:43
Por María Encarnación Amigo
Díaz

En Galicia contamos con arredor de 11,1 millóns de parcelas catastrais catalogadas como rústicas pertencentes a 1,73 millóns de titulares, das que uns 8 millóns son forestais. Sen dúbida esta realidade leva parella unha dificultade na xestión eficiente e eficaz daqueles trámites administrativos directamente relacionados coas devanditas parcelas e titulares.

A Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia regula no seu artigo 122 e seguintes o réxime normativo de aplicación para as agrupacións forestais de xestión conxunta (AXFC), en particular o artigo 122 quater regula o seu recoñecemento e a inscrición no Rexistro administrativo de agrupacións forestais de xestión conxunta declarado no artigo 126 de dita norma.

Doutra banda a Lei 7/2012, en concreto no seu artigo 125 ter, recóllese o Rexistro voluntario de silvicultores/ as activos/as, en concreto no artigo 125 ter, sobre o recoñecemento e inscrición no dito rexistro.

As agrupacións forestais de xestión conxunta así como as persoas silviculturas activas veñen de ser chamadas a xogar un papel fundamental no desenvolvemento do sector forestal de Galicia, ambas as dúas figuras atópanse incluídas nas directrices da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia, “Cara á neutralidade carbónica”, en concreto no Eixo III onde se recolle o fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento destas agrupacións.

Dende o Grupo Parlamentario Popular promoveuse a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, aprobada no mes de maio do 2021, co obxecto de levar a cabo a mobilización da terra produtiva, como impulso ao sector primario e ampliación da base territorial das explotacións.

Asinado o día 06/04/2026 ás
17:43
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:46:11
Nº Rexistro: 54648
Data envio: 06/04/2026 17:46:11.425

O fomento da mobilidade das terras forestais en Galicia debe situarse no marco xeral da política de ordenación de usos e recuperación e posta en valor das terras agrarias. Dito fomento debe, de xeito prioritario, promover a dispoñibilidade dos terreos ás diferentes iniciativas de xestión conxunta dos terreos forestais, independentemente do grao de compromiso dos titulares forestais que as compoñan.

Para o beneficio do forestal galego, entendemos que resulta prioritario avanzar no desenvolvemento dos obxectivos do plan forestal mediante a posta en marcha de procedementos voluntarios para a activación da xestión forestal privada e a promoción e desenvolvemento dunha cultura de xestión conxunta a través das distintas figuras asociativas que contribúan á mobilización das terras infrautilizadas e á loita contra o abandono do rural.

Isto constitúe ademais un avance na dixitalización do sector forestal mellorando a eficiencia na tramitación administrativa das solicitudes.

A maior parte dos propietarios forestais particulares en Galicia dispoñen dun certo número de parcelas de dimensión insuficiente para aplicar unha xestión racional e profesionalizada. Segundo os datos rexistrados polo Sistema de información xeográfica de identificación de parcelas agrícolas (Sigpac), Galicia alberga case 8 millóns de parcelas de uso forestal, preto da terceira parte (30 %) dos recintos de uso forestal de toda España: a superficie media por parcela de uso forestal de Galicia excede apenas dun cuarto de hectárea (0,28 hectáreas).

No caso do monte privado particular/familiar, o minifundismo favorece unha produtividade e rendibilidade unitaria pouco elevada, agravado pola carencia de pautas adecuadas de silvicultura, o que se acompaña dunha falta de capitalización, dificultade de comercialización de produtos forestais en calidade e cantidade e baixa competitividade.

Nesas circunstancias, o aproveitamento dos recursos forestais do monte galego efectúase moi por baixo das súas posibilidades como consecuencia da falta de xestión activa. A incidencia de incendios exerce un importante efecto disuasorio aos investimentos e traballos no monte, de modo que moitos propietarios optan por unha mera actividade recolectora ocasional mediante aproveitamentos de madeira, opción que non resulta aceptable no caso de formacións forestais de alto grao de combustibilidade.

As perspectivas para un futuro inmediato, cun proceso de envellecemento e despoboamento rural acelerados, indicarían graves dificultades por parte dos propietarios forestais incluso para coñecer a localización das súas leiras.

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

As ferramentas básicas con que se conta para modificar ese problema estrutural son as reestruturacións parcelarias, o fomento de fórmulas de xestión conxunta e a activación e dinamización da xestión forestal activa mediante o recoñecemento e fomento das agrupacións forestais de xestión conxunta e a concienciación de silvicultor no propietario galego de terreos forestais.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre as figuras das agrupacións forestais de xestión conxunta e das persoas silviculturas activas creadas ao abeiro da Lei 7/2012 de Montes de Galicia e da Lei 11/2021 da recuperación da terra agraria de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:46:11
Nº Rexistro: 54648
Data envio: 06/04/2026 17:46:11.425

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 06/04/2026 17:43:34
María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2026 17:43:41
José Mato Díaz na data 06/04/2026 17:43:49
Enrique Barreiro Sánchez na data 06/04/2026 17:43:57
Cristina Campero Dorado na data 06/04/2026 17:44:09
Juan Manuel Casares Gándara na data 06/04/2026 17:44:18
Nicole Grueira Fernández na data 06/04/2026 17:44:30
Ángel Rodríguez Conde na data 06/04/2026 17:44:41
Cecilia Vázquez Suárez na data 06/04/2026 17:44:48

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:46:11
Nº Rexistro: 54648
Data envio: 06/04/2026 17:46:11.425

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 17:46:12**

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-xOXWLSsMk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/